

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

9953 *Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

I

A evolución social dun sistema democrático avanzado como o que configura a Constitución española determina que o ordenamento xurídico estea sometido a un proceso constante de revisión. A progresiva conquista de niveis de benestar máis elevados non é concibible, nun marco xurídico de respecto aos dereitos fundamentais, sen un paralelo avance en materia de liberdade e de seguridade, piares indisolublemente unidos do concepto mesmo de Estado de dereito.

Neste contexto, a presente reforma enmárcase na confluencia de varias coordenadas que explican tanto a súa relativa extensión como a variedade de cuestións que nela se abordan.

Por un lado, España ten contraídas obrigas internacionais, especialmente no ámbito da harmonización xurídica europea, que exixen adaptacións –ás veces de considerable calado– das nosas normas penais. Por outro, a experiencia aplicativa do código foi pondo en evidencia algunhas carencias ou desviacións que é preciso tratar de corrixir. E, en fin, a cambiante realidade social determina o xurdimento de novas cuestións que deben ser abordadas. Sen esquecer que os numerosos e, en ocasións, acelerados cambios introducidos na arquitectura orixinal do texto de 1995 produciron algúns efectos de distorsión ou incongruencia necesitados de corrección.

A todo isto trata de dar resposta esta lei, nos termos que seguen.

II

En materia de circunstancias modificativas da responsabilidade criminal considerouse conveniente outorgar carta de natureza legal á circunstancia atenuante de dilacións indebidas. Exíxese para a súa apreciación que o atraso na tramitación teña carácter extraordinario, que non garde proporción coa complexidade da causa e que non sexa atribuíble á conduta do propio imputado. Desta maneira recóllense os elementos fundamentais da xurisprudencia do Tribunal Supremo, que construíu esta circunstancia como atenuante por analoxía.

III

De conformidade cos principios que orientan a reforma, procédese á modificación do artigo 36. Desta forma, para os casos de penas privativas de liberdade superiores a cinco anos, a exixencia de cumprimento de polo menos a metade da condena antes de poder obter a clasificación en terceiro grao establécese no caso de delitos cometidos contra a liberdade e indemnidade sexual de menores de trece anos, delitos referentes a organizacións e grupos terroristas e delitos de terrorismo, así como os delitos cometidos no seo dunha organización ou grupo criminal. Esta modificación, que se considera conveniente para

estes grupos de delitos de extrema gravidade, considérase, pola contra, innecesaria como réxime xeral respecto de todos os delitos sancionados con penas de prisión superiores a cinco anos. Por esta razón, elimínase o automatismo ata agora vixente e introdúcese un mecanismo máis flexible que permita aos xuíces e tribunais adecuar a responsabilidade criminal á gravidade do feito e á personalidade do delincente. Así, a remodelación do chamado «período de seguridade» garante a primordial finalidade constitucional da pena, a resocialización, sen que, por outra parte, isto comporte ningún detrimento na persecución polo Estado doutros fins lexítimos dela.

IV

É notorio, no entanto, que en determinados supostos de especial gravidade ese efecto rehabilitador da pena se ve dificultado, na medida en que esta non resulta suficiente ou adecuada para excluír un elevado risco de reincidencia.

A opción inocuizadora, que se traduciría na prolongación ilimitada e/ou indiscriminada da privación de liberdade, choca, obviamente, con principios elementais do dereito penal que a Constitución ampara. Faise necesario, por tanto, para tales casos de especial gravidade expresamente previstos, recoller outras solucións que, sen ceder no esforzo rehabilitador que debe seguir inspirando o tratamento penitenciario, permitan conciliar as referidas exixencias constitucionais con outros valores non menos dignos de tutela, como son a seguridade e a liberdade do resto dos cidadáns, potenciais vítimas do delincente non rehabilitado que o sistema penitenciario devolve á sociedade. Esgotada, pois, a dimensión retributiva da pena, a perigosidade subsistente do suxeito atopa a súa resposta idónea nunha medida de seguridade.

Por iso, esta lei introduce, mediante a modificación parcial e unha leve reordenación do título IV do libro primeiro do Código penal, unha nova medida denominada liberdade vixiada, que se insire naturalmente no réxime xeral das ditas medidas de seguridade, algunhas das cales se integran e refunden nese concepto común (artigo 106).

Así, a liberdade vixiada é unha medida de seguridade que o tribunal impón, de maneira facultativa ou preceptiva, segundo a propia norma sinala en cada caso, e cuxo contido se concreta nunha serie de limitacións, obrigas, prohibicións ou regras de conduta, aplicables separada ou conxuntamente, dentro das marxes de duración específicas que, de ser o caso, resulten da parte especial do código, tendentes non só á protección ás vítimas, senón tamén á rehabilitación e á reinserción social do delincente, obxectivo que preside toda a reforma. E que se pode modificar, xa en fase de execución, atendendo á evolución do suxeito e mediante un sinxelo trámite que se caracteriza por un reforzamento da garantía de contradición, que abrangue mesmo as vítimas que non sexan parte no proceso.

A novidade substancial que incorpora a liberdade vixiada é que resulta aplicable non só cando o prognóstico de perigosidade do individuo se relaciona con estados patolóxicos que determinaron a súa inimputabilidade ou semiinimputabilidade, senón tamén cando a perigosidade deriva do específico prognóstico do suxeito imputable en relación coa natureza do feito cometido, sempre e cando o propio lexislador así o prevese de maneira expresa. Nestes casos, tal e como resulta do novo artigo 106.2, a medida non se establece, por obvias razóns, con carácter alternativo á pena de prisión ou para a súa execución previa a esta, senón que se impón en sentenza xunto á pena privativa de liberdade para a súa execución posterior á excarceración, e farase ou non efectiva xustamente en función dese prognóstico de perigosidade, formulado cando se acerca o dito momento extintivo da pena e reconsiderado despois con cadencia, como mínimo, anual (artigo 98.1).

É importante destacar que na concreción do contido da liberdade vixiada e na súa eventual substitución, modificación, suspensión ou cesación, interveñen tanto o xuíz de vixilancia penitenciaria, debidamente informado polos servizos penitenciarios, como o xuíz ou tribunal sentenciador a que corresponde facer executar o xulgado. Precisamente este último, por ter xulgado, coñece con maior detalle determinadas circunstancias do caso concorrentes co prognóstico penitenciario do suxeito, que poden resultar determinantes para a elección da medida ou medidas en que se debe concretar a liberdade vixiada. A súa

duración, en fin, mantense en xeral nun máximo de cinco anos, que é o que establecía ata agora o código para as medidas de seguridade non privativas de liberdade, que se refunden baixo o concepto de liberdade vixiada, pero a isto engádese, certamente pensando nesta nova modalidade pospenitenciaria, a posibilidade de que o propio Código penal a estenda ata os dez anos (artigo 105.2), como, de feito, esta mesma lei dispón para os delitos contra a liberdade e indemnidade sexual e de terrorismo.

V

Nesa liña de evolución da resposta xurídico-penal cara a fórmulas máis operativas e mellor adaptadas ás actuais necesidades e demandas sociais, a secular carencia de penas alternativas ás penas curtas de prisión do sistema español motivou que nesta reforma se optase por outorgar un maior protagonismo á pena de localización permanente. Con este obxectivo, confíreselle unha maior extensión e contido, ben que se pensou que inicialmente, aínda que con vocación de futuras ampliacións, o seu ámbito de aplicación se reduza ao marco da substitución das penas privativas de liberdade. Para tal efecto artículábase o correspondente módulo de conversión no artigo 88.

Á inversa, a localización permanente, nos supostos en que está prevista como pena principal, pode ser o instrumento adecuado para combater con maior rigor e eficacia os supostos de reiteración de faltas que teñen xerado unha especial inseguridade cidadá nos últimos tempos. Para estes efectos, constituíndo un límite axiolóxico infranqueable a asociación ás faltas de penas de carácter leve, e descartado por tanto o recurso á xenuína pena de prisión, unha resposta proporcionada e disuasoria pode ser o cumprimento excepcional da localización permanente en centro penitenciario en réxime de fin de semana e días festivos. Trátase de ofrecer unha maior dureza na resposta fronte á reiteración da infracción que sexa asemade compatible coa natureza leve da sanción, evitando o efecto desocializador do réxime de cumprimento continuado que caracteriza a pena de prisión propiamente dita.

Como aclara a nova redacción dada ao artigo 37, serán os concretos preceptos do libro III os que dean ao xuíz a posibilidade de acudir a este réxime excepcional de cumprimento. A presente reforma opta por restrinxir a súa aplicación ás faltas reiteradas de furto por un dobre motivo. Por unha parte, trátase do suposto que, sobre todo nos núcleos urbanos máis importantes, ten xerado a maior preocupación cidadá e é o que a día de hoxe realmente require a adopción desta medida. Por outro, a restrición desta modalidade de localización permanente a un suposto puntual permitirá aproveitar adecuadamente os recursos dispoñibles no sistema penitenciario.

A reiteración faise depender do número de faltas cometidas, xa recaese condena por todas elas nun só proceso ou en procesos distintos. Nos casos de faltas de furto non xulgadas que superen os 400 euros de importe, será de aplicación o parágrafo final do artigo 234 e a conduta deberá ser considerada como delito.

VI

Para solucionar os problemas interpretativos xurdidos acerca de cal é o procedemento penal onde se debe aboar o tempo de prisión provisoria sufrido por un imputado que ao mesmo tempo está a cumprir unha pena de privación de liberdade imposta noutra causa, procédese á modificación do artigo 58 para deixar claro que neses supostos soamente será de aboamento o tempo de prisión realmente sufrido na liquidación de condena referente á pena que estea cumprindo.

VII

Regúlase de maneira pomenorizada a responsabilidade penal das persoas xurídicas. Son numerosos os instrumentos xurídicos internacionais que demandan unha resposta penal clara para as persoas xurídicas, sobre todo naquelas figuras delituosas onde a súa posible intervención se fai máis evidente (corrupción no sector privado, nas transaccións comerciais internacionais, pornografía e prostitución infantil, tráfico de seres humanos,

branqueo de capitais, inmigración ilegal, ataques a sistemas informáticos...). Esta responsabilidade unicamente poderá ser declarada naqueles supostos onde expresamente se prevea.

Para a fixación da responsabilidade das persoas xurídicas optouse por establecer unha dobre vía. Xunto á imputación daqueles delitos cometidos no seu nome ou pola súa conta, e no seu proveito, polas persoas que teñen poder de representación nelas, engádese a responsabilidade por aquelas infraccións propiciadas por non ter exercido a persoa xurídica o debido control sobre os seus empregados, naturalmente coa imprescindible consideración das circunstancias do caso concreto para efectos de evitar unha lectura simplemente obxectiva desta regra de imputación.

Déixase claro que a responsabilidade penal da persoa xurídica poderá ser declarada con independencia de que se poida ou non individualizar a responsabilidade penal da persoa física. En consecuencia, suprímese o actual número 2 do artigo 31.

Neste ámbito concrétese un catálogo de penas impoñibles ás persoas xurídicas, engadíndose –respecto ás ata agora denominadas consecuencias accesorias (disolución, suspensión de actividades, clausura de establecementos...)– a multa por cotas e proporcional e a inhabilitación para obter subvencións e axudas públicas, para contratar coas administracións públicas e para gozar de beneficios e incentivos fiscais ou da seguridade social. Óptase neste punto polo sistema claramente predominante no dereito comparado e nos textos comunitarios obxecto de transposición, segundo o cal a multa é a pena común e xeral para todos os supostos de responsabilidade, reservándose a imposición adicional doutras medidas máis severas só para os supostos cualificados que se axusten ás regras fixadas no novo artigo 66 bis. Igualmente, tense en conta o posible fraccionamento do pagamento das multas que lles sexan impostas ás persoas xurídicas cando exista perigo para a supervivencia daquelas ou a estabilidade dos postos de traballo, así como cando o aconselle o interese xeral. Ademais, régulanse taxativamente os supostos de atenuación da responsabilidade das persoas xurídicas, entre os cales destacan a confesión da infracción ás autoridades, a reparación do dano e o establecemento de medidas eficaces para previr e descubrir os delitos que no futuro se poidan cometer cos medios ou baixo a cobertura da persoa xurídica.

Neste punto, co obxecto de evitar que a responsabilidade penal das persoas xurídicas poida ser burlada por unha disolución encuberta ou aparente ou pola súa transformación, fusión, absorción ou escisión, contéñense previsións específicas onde se presume que existe a referida disolución aparente ou encuberta cando aquela continúe coa súa actividade económica e se manteña a identidade substancial de clientes, provedores e empregados. Naqueles casos a responsabilidade penal trasladarase á entidade ou entidades en que se transforme, quede fusionada ou absorbida e estenderase á entidade ou entidades a que dea lugar a escisión.

VIII

De singular importancia resulta a transposición da Decisión marco 2005/212/JAI do Consello, do 24 de febreiro de 2005, relativa ao comiso dos produtos, instrumentos e bens relacionados co delito. Como se recolle no instrumento internacional, o principal obxectivo da delincuencia organizada é o beneficio económico e, en consecuencia, o establecemento de normas comúns relativas ao seguimento, embargo, incautación e comiso dos produtos do delito é obxectivo prioritario para conseguir unha eficaz loita contra aquela.

Por iso, completouse a regulación existente do comiso encomendando aos xuíces e tribunais acordalo respecto daqueles efectos, bens, instrumentos e ganancias procedentes de actividades delituosas cometidas no marco dunha organización ou grupo criminal, ou ben cando se trate de delitos de terrorismo, con independencia de se estes últimos se cometen no seo dunha organización ou grupo terrorista, tal e como se prevé na Decisión marco 2002/475/JAI do Consello, sobre a loita contra o terrorismo. Para facilitar a medida, establécese unha presunción de procedencia de actividades delituosas cando o valor do patrimonio sexa desproporcionado con respecto aos ingresos legais de todas e cada unha das persoas condenadas por delitos cometidos no seo da organización ou grupo criminal.

Así mesmo, facúltanse os xuíces e tribunais para acordaren o comiso cando se trate dun delito imprudente que comporte na lei a imposición dunha pena privativa de liberdade superior a un ano.

IX

No ámbito da prescrición do delito, co obxectivo de aumentar a seguridade xurídica, optouse por unha regulación detallada do instituto que poña fin ás diferenzas interpretativas xurdidas nos últimos tempos. Para levar a cabo esta tarefa, prestouse especial atención á necesidade de precisar o momento de inicio da interrupción da prescrición, establecéndose que esta se produce, quedando sen efecto o tempo transcorrido, cando o procedemento se dirixa contra persoa determinada que apareza indiciariamente como penalmente responsable. Para entender que isto ocorre requírese, cando menos, unha actuación material do xuíz instrutor.

Do mesmo modo, considerouse necesario abordar o problema dos efectos que para a interrupción da prescrición pode ter a presentación de denuncias ou querelas e para iso óptase por suspender o cómputo da prescrición por un máximo de seis meses ou dous meses, segundo se trate de delito ou falta, desde a dita presentación, sempre que sexa perante un órgano xudicial e contra unha persoa determinada. Se o órgano xudicial non a admite a trámite ou non dirixe o procedemento contra a persoa denunciada ou querelada, continúa o cómputo de prescrición desde a data de presentación. Tamén continuará o cómputo se dentro dos ditos prazos o xuíz non adopta ningunha das resolucións citadas.

A reformulación do réxime procesual da prescrición nos termos expostos aconsella tamén revisar algúns aspectos da súa regulación substantiva. A impiedade debida á prescrición de certos delitos castigados con penas de non excesiva gravidade (estafas, delitos urbanísticos, por exemplo, ou algúns delitos contra a Administración pública), cuxo descubrimento e investigación poden, non obstante, resultar extremadamente complexos e dilatados, redundou en descrédito do sistema xudicial e en directo prexuízo das vítimas. Neste sentido, óptase por elevar o prazo mínimo de prescrición dos delitos a cinco anos, suprimindo, por tanto, o prazo de tres anos que ata agora rexía para os que teñen sinalada pena de prisión ou inhabilitación inferior a tres anos.

As modificacións en materia de prescrición do delito complétanse coa declaración da imprescricibilidade dos delitos de terrorismo que tiveren causado a morte dunha persoa. O fundamento da institución da prescrición está vinculado en gran medida á falta de necesidade de aplicación da pena tras o transcurso de certo tempo. A reforma fundaméntase neste punto en que tal premisa non se pode cumprir fronte a condutas delituosas que presentan as características do tipo mencionado.

X

Como resposta ao fenómeno cada vez máis estendido da compravenda de órganos humanos e ao chamamento de diversos foros internacionais a abordar a súa punición, incorporouse como infracción penal a obtención ou o tráfico ilícito de órganos humanos, así como o transplante destes. Xa no ano 2004 a Organización Mundial da Saúde declarou que a venda de órganos era contraria á Declaración Universal de Dereitos Humanos, e exhortou os médicos a que non realizasen transplantes se tiñan sospeitas de que o órgano fora obxecto dunha transacción. Recentemente, no Cumio internacional sobre turismo de transplantes e tráfico de órganos, celebrado en maio de 2008, representantes de 78 países consensuaron a denominada «Declaración de Istambul», onde se deixa constancia de que as ditas prácticas violan os principios de igualdade, xustiza e respecto á dignidade humana, polo que deben ser erradicadas. E, aínda que o noso Código penal xa inclúe estas condutas no delito de lesións, considérase necesario dar un tratamento diferenciado ás ditas actividades, castigando todos aqueles que promovan, favorezan, faciliten ou publiciten a obtención ou o tráfico ilegal de órganos humanos alleos ou o seu transplante. Neste marco, considerouse que tamén se debe incriminar, con posibilidade de moderar a sanción penal en atención ás circunstancias concorrentes, o receptor do órgano que, coñecendo a súa orixe ilícita, consinta na realización do transplante.

XI

Dentro dos delitos de torturas e contra a integridade moral, incrimínase a conduta de acoso laboral, entendendo por tal o acoso psicolóxico ou hostil no marco de calquera actividade laboral ou funcionarial que humille o que o sofre, impondo situacións de grave ofensa á dignidade. Con isto quedarían incorporadas no tipo penal todas aquelas condutas de acoso producidas tanto no ámbito das relacións xurídico-privadas como no das relacións xurídico-públicas.

Igualmente, ao fío da proliferación, durante a última década, de condutas acosadoras na esfera da vivenda, sanciónase tamén o acoso inmobiliario. Con isto preténdese tutelar o dereito ao gozo da vivenda por parte de propietarios ou inquilinos fronte aos ataques dirixidos a obrigar uns ou outros a abandonala para así alcanzar, na maioría dos casos, obxectivos especuladores. Distintos pronunciamentos xudiciais viñeran pondo de manifesto as dificultades que para a represión destas condutas derivaba da ausencia ata o momento dunha específica regulación penal deste fenómeno.

XII

O tratamento penal unificado dos delitos de tráfico de seres humanos e inmigración clandestina que contiña o artigo 318 bis resultaba a todas luces inadecuado, en vista das grandes diferenzas que existen entre ambos os fenómenos delituosos. A separación da regulación destas dúas realidades resulta imprescindible tanto para cumprir cos mandatos dos compromisos internacionais como para pór fin aos constantes conflitos interpretativos.

Para levar a cabo este obxectivo procédeuse á creación do título VII bis, denominado «Do tráfico de seres humanos». Así, o artigo 177 bis tipifica un delito en que prevalece a protección da dignidade e a liberdade dos suxeitos pasivos que a sofren. Por outro lado, resulta fundamental salientar que non estamos ante un delito que poida ser cometido exclusivamente contra persoas estranxeiras, senón que abarcará todas as formas de tráfico de seres humanos, nacionais ou transnacionais, relacionadas ou non coa delincuencia organizada.

En cambio, o delito de inmigración clandestina sempre terá carácter transnacional, predominando, neste caso, a defensa dos intereses do Estado no control dos fluxos migratorios.

Ademais da creación do artigo 177 bis, e como consecuencia da necesidade de dotar de coherencia interna o sistema, esta reestruturación dos tipos requiriu a derogación das normas contidas nos artigos 313.1. e 318 bis.2.

XIII

No ámbito dos delitos sexuais, xunto ao acrecentamento do nivel de protección das vítimas, especialmente daquelas máis desvalidas, debe mencionarse a necesidade de traspor a Decisión marco 2004/68/JAI do Consello, do 22 de decembro de 2003, relativa á loita contra a explotación sexual dos nenos e a pornografía infantil. Resulta indubidable que nos casos de delitos sexuais cometidos sobre menores o ben xurídico que hai que protexer adquire unha dimensión especial polo maior contido de inxusto que presentan estas condutas. Mediante elas lesiónase non só a indemnidade sexual, entendida como o dereito a non verse involucrado nun contexto sexual sen un consentimento validamente prestado, senón tamén a formación e desenvolvemento da personalidade e sexualidade do menor. Por iso se procede á incorporación, no título VIII do libro II do Código penal, do capítulo II bis, denominado «Dos abusos e agresións sexuais a menores de trece anos». Por outra parte, a extensión da utilización da internet e das tecnoloxías da información e a comunicación con fins sexuais contra menores evidenciou a necesidade de castigar penalmente as condutas que unha persoa adulta desenvolve a través de tales medios para gañar a confianza de menores co fin de concertar encontros para obter concesións de índole sexual. Por iso, introdúcese un novo artigo 183 bis mediante o cal se regula o

internacionalmente denominado «child grooming», e prevense, ademais, penas agravadas cando o achegamento ao menor se obteña mediante coacción, intimidación ou engano.

No ámbito das figuras de prostitución e pornografía infantil, a translación da decisión marco ao noso ordenamento determina a necesidade de tipificar novas condutas. É o caso da captación de nenos para que participen en espectáculos pornográficos, que queda incorporada á regulación no artigo 189.1. O mesmo sucede coa conduta de quen se lucra coa participación dos nenos nesta clase de espectáculos, cuxa incorporación se realiza no número 1.a) do artigo 189. En relación co delito de prostitución, incorpórase a conduta do cliente naqueles casos en que a relación sexual se realice cunha persoa menor de idade ou incapaz.

Para completar o elenco de normas destinadas a outorgar maior protección aos menores, considérase adecuado crear a pena de privación da patria potestade ou institucións análogas previstas na lexislación civil das comunidades autónomas, que se inclúe no catálogo de penas privativas de dereitos previstas no artigo 39, fixéndose o seu contido no artigo 46. Esta nova pena terá o carácter de principal nos supostos previstos no artigo 192 e o de pena accesoria, de acordo co establecido nos artigos 55 e 56, no caso de os dereitos derivados da patria potestade teren tido unha relación directa co delito cometido.

XIV

No marco dos denominados delitos informáticos, para cumprir coa Decisión marco 2005/222/JAI, do 24 de febreiro de 2005, relativa aos ataques contra os sistemas de información, resolveuse incardinar as condutas punibles en dous puntos diferentes, ao se trataren de bens xurídicos diversos. O primeiro, relativo aos danos, onde quedarían incluídas as consistentes en danar, deteriorar, alterar, suprimir ou facer inaccesibles datos ou programas informáticos alleos, así como obstaculizar ou interromper o funcionamento dun sistema informático alleo. O segundo punto refírese ao descubrimento e revelación de segredos, onde estaría comprendido o acceso sen autorización vulnerando as medidas de seguridade a datos ou programas informáticos contidos nun sistema ou en parte deste.

XV

Entre as estafas descritas no artigo 248 do Código penal, cuxo catálogo no seu momento xa se acrecentara coas fraudes informáticas, foi preciso incorporar a cada vez máis estendida modalidade consistente en defraudar utilizando as tarxetas alleas ou os datos que figuran nelas, realizando con iso operacións de calquera clase en prexuízo do seu titular ou dun terceiro.

O sistema de cualificacións ou agravantes específicas propio da estafa veu suscitando problemas interpretativos na praxe, pois dá lugar a que se superpoñan dobres valoracións xurídicas sobre uns mesmos elementos do feito, cousa que é particularmente evidente cando se trata da modalidade de uso de cheque, obriga de pagamento, letra de cambio en branco ou negocio cambiario ficticio –que, ademais, se pode confundir con algunha modalidade de falsidade documental– que son, pola súa vez, instrumento e materialización do engano, e non algo que se sume á argucia defraudatoria, polo cal a súa valoración separada é innecesaria.

XVI

No delito de alzamento de bens agraváronse as penas nos supostos en que a débeda ou obriga que se trate de eludir sexa de dereito público e a acreedora sexa unha persoa xurídico-pública, así como cando concorran determinadas circunstancias, entre as que destaca a especial gravidade, en función da entidade do prexuízo e da situación económica en que deixe a vítima ou a súa familia.

XVII

O agravamento penolóxico operado pola Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, no ámbito dos delitos relativos á propiedade intelectual e industrial, evidenciou unha certa quebra da necesaria proporcionalidade da pena no caso de condutas consistentes na venda a pequena escala de copias fraudulentas de obras amparadas por tales dereitos, máxime cando, frecuentemente, os autores deste tipo de condutas son persoas en situacións de pobreza, ás veces utilizadas por organizacións criminais, que con tales actos aspiran a alcanzar ingresos mínimos de subsistencia. Por iso, engadindo un parágrafo segundo ao número 1 do artigo 270 e modificando o número 2 do artigo 274, para aqueles casos de distribución a retallo de escasa transcendencia, atendidas as características do culpable e a reducida contía do beneficio económico obtido por este, sempre que non concorra ningunha das circunstancias de agravación que o propio Código penal prevé, óptase por sinalar penas de multa ou traballos en beneficio da comunidade. Ademais, en tales supostos, cando o beneficio non alcance os 400 euros a conduta castigarase como falta.

XVIII

Tendo como referente a Directiva 2003/06 do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, sobre as operacións con información privilexiada e a manipulación do mercado, leváronse a cabo reformas no campo dos delitos relativos ao mercado e aos consumidores. Así, incorpórase como figura delituosa a denominada estafa de investidores, incriminando os administradores de sociedades emisoras de valores negociados nos mercados de valores que falseen as informacións sobre os seus recursos, actividades e negocios presentes ou futuros, e dese modo consigan captar investidores ou obter créditos ou préstamos.

Do mesmo modo, castígase a difusión de noticias ou rumores sobre empresas onde se ofrezan datos falsos para alterar ou preservar o prezo de cotización dun instrumento financeiro e a conduta daqueles que, utilizando información privilexiada, realicen transaccións ou ordes de operación que proporcionen ou poidan proporcionar indicios falsos ou enganosos en canto á oferta, a demanda ou o prezo de instrumentos financeiros, ou para asegurar, en concerto con outras persoas, o prezo dun ou varios instrumentos financeiros nun nivel anormal ou artificial, así como o concerto para asegurarse unha posición dominante sobre a oferta ou demanda dun instrumento financeiro.

XIX

Outro dos aspectos importantes da reforma é a transposición da Decisión marco 2003/568/JAI, relativa á loita contra a corrupción no sector privado. A idea forza neste ámbito é que a garantía dunha competencia xusta e honesta pasa pola represión dos actos encamiñados a corromper os administradores de entidades privadas de forma similar ao que se fai a través do delito de suborno. Porque con estes comportamentos, que exceden a esfera do privado, rómpense as regras de bo funcionamento do mercado. A importancia do problema é grande se se repara na repercusión que poden ter as decisións empresariais, non só para os seus protagonistas inmediatos, senón para outras moitas persoas. Obviamente, as empresas públicas ou as empresas privadas que presten servizos públicos serán sometidas á disciplina penal do suborno, obviando, por vontade legal, a condición formal de funcionario que debe ter polo menos unha das partes.

Considerouse conveniente tipificar penalmente as condutas máis graves de corrupción no deporte. Neste sentido, castíganse todos aqueles subornos levados a cabo tanto polos membros e colaboradores de entidades deportivas como polos deportistas, árbitros ou xuíces, encamiñados a predeterminar ou alterar de maneira deliberada e fraudulenta o resultado dunha proba, encontro ou competición deportiva, sempre que estas teñan carácter profesional.

XX

Os delitos sobre a ordenación do territorio e o urbanismo son obxecto de reforma en varios aspectos. Dun lado, modifícase a rúbrica do capítulo I do título XVI do libro II, na cal se explicita, a carón da ordenación do territorio, o urbanismo como obxecto de tutela. Doutro lado, introdúcense melloras. Así, amplíase o ámbito das condutas típicas ás obras ilegais ou clandestinas de urbanización, xa que estas poden ter un maior impacto sobre o territorio que as de mera construción ou edificación, ás cales, ademais, adoitan preceder. Co fin de evitar a consolidación dos beneficios do delito por parte do infractor, perfecciónase o sistema no que respecta á pena de multa, establecéndose, xunto á xa existente previsión de multa por cotas diarias, a imposición de multa proporcional para aqueles casos en que o beneficio obtido polo delito sexa superior á cantidade resultante da aplicación daquela. Ademais, concrétase que en todo caso se disporá o comiso das ganancias provenientes do delito, sexan cales sexan as transformacións que poidan ter experimentado.

Respecto do delito de prevaricación urbanística, complétase o ámbito dos obxectos sobre os cales se pode proxectar a conduta prevaricadora coa inclusión dos «instrumentos de planeamento», así como a dos proxectos de parcelación e reparcelación. E, como viña sendo demandado pola doutrina, outórgase rango típico á ocultación de actos ilícitos observados pola inspección e á omisión de inspeccións que tiveren carácter obrigatorio. En todos estes supostos, agrávanse as penas en correspondencia coa gravidade deste tipo de condutas, e suprímense ademais, no artigo 320, a alternatividade entre a pena de prisión ou multa a fin de evitar que os funcionarios e responsables públicos teñan un tratamento privilexiado.

XXI

As modificacións nos delitos contra o ambiente responden á necesidade de acoller elementos de harmonización normativa da Unión Europea neste ámbito. De conformidade coas obrigas asumidas, prodúcese unha agravación das penas e incorpóranse á lexislación penal española os supostos previstos na Directiva 2008/99/CE do 19 de novembro, relativa á protección do ambiente mediante o dereito penal.

XXII

Perfecciónase tecnicamente o artigo 337, eliminando o requisito do asaño, que dificultaba de maneira notable a aplicación do precepto, co obxecto de dotar dunha maior protección os animais domésticos ou amansados fronte aos malos tratos que ocasionen a súa morte ou menoscaben gravemente a súa saúde.

XXIII

No ámbito dos delitos contra a Facenda pública e contra a Seguridade Social produciuse un endurecemento das penas co obxecto de as facer máis adecuadas e proporcionais á gravidade das condutas. Prevese, así mesmo, que os xuíces e tribunais obteñan o auxilio dos servizos da Administración tributaria para a execución da pena de multa e a responsabilidade civil.

No que respecta á fraude de subvencións, unifícase, con respecto ao delito fiscal, a contía para considerar delituosos os feitos e establécese que para a determinación da cantidade defraudada se tomará como referencia o ano natural, debendo tratarse de subvencións obtidas para o fomento da mesma actividade privada subvencionable, aínda que procedan de distintas administracións ou entidades públicas.

XXIV

En materia de tráfico de drogas prodúcese algúns reaxustes en canto ás penas, de conformidade coas normas internacionais, en concreto, a Decisión marco 2004/757/JAI do Consello, do 25 de outubro de 2004, relativa ao establecemento de disposicións mínimas dos elementos constitutivos de delitos e ás penas aplicables no ámbito do tráfico ilícito de

drogas. De acordo cos criterios punitivos marcados pola dita norma harmonizadora, refórzase o principio de proporcionalidade da pena, reconfigurando a relación entre o tipo básico e os tipos agravados de delito de tráfico de drogas. As numerosas agravacións específicas que contén o Código penal nesta materia –tamén de acordo coa pauta europea– seguen asegurando dentro da nova escala punitiva unha resposta efectiva fronte a aquelas condutas que realmente exixen unha reacción especialmente firme.

Así mesmo, acóllese a previsión contida no Acordo do Pleno non Xurisdiccional da Sala 2.^a do Tribunal Supremo, do 25 de outubro de 2005, en relación coa posibilidade de reducir a pena respecto de supostos de escasa entidade, sempre que non concorra ningunha das circunstancias recollidas nos artigos 369 bis, 370 e seguintes.

Do mesmo modo, precísase máis adecuadamente a agravante de buque, na cal se viñan detectando algúns problemas de interpretación, e engádese o termo «embarcación» a fin de permitir a inclusión doutros tipos de embarcacións habitualmente utilizadas nestes delitos, como, por exemplo, as semirríxidas.

XXV

Na procura dunha maior proporcionalidade na resposta xurídico-penal a determinadas condutas de perigo abstracto, concretamente no ámbito dos delitos contra a seguridade viaria, considerouse conveniente reformar os artigos 379 e 384 nun triplo sentido. En primeiro lugar, equipárase a pena de prisión prevista para ambos os delitos, ao entender que non existe razón de fondo que xustifique a diferenza na resposta punitiva. Por outra parte, elimínase a actual disxuntiva entre a pena de prisión e a de multa e traballos en beneficio da comunidade e establécense os tres tipos de penas como alternativas. Deste modo, concédese un maior grao de arbitrio ao xuíz á hora de decidir sobre a imposición de calquera das tres penas previstas, permitindo reservar a pena de prisión, como a de maior gravidade, para supostos excepcionais. Doutro lado, superando o sistema actual, no que unicamente se prevé para o caso do delito do artigo 381, introdúcese un novo artigo 385 bis en que se establece que o vehículo de motor ou ciclomotor utilizado nos feitos previstos no capítulo se considerará instrumento do delito para os efectos dos artigos 127 e 128.

Por último, nos supostos de imposición da pena de prisión, tratándose dos delitos contidos nos artigos 379, 383, 384 e 385, concédese aos xuíces a facultade excepcional de a rebaixar en grao atendendo á menor entidade do risco e ás demais circunstancias do feito axuizado.

XXVI

Tamén se abordaron reformas en ámbitos como o da falsificación de certificados, á cal se debe engadir, en todas as súas modalidades, a de documentos de identidade, que se transformou nunha práctica intolerablemente estendida. Por razóns facilmente comprensibles, a intervención penal esténdese ao tráfico de documentos de identidade falsos, así como ás mesmas condutas realizadas en relación con documentos de identidade pertencentes a outro Estado da Unión Europea ou dun Estado terceiro se o obxectivo é utilizalos en España.

As tarxetas de crédito ou débito requiren tamén a súa propia tutela fronte á falsificación, a cuxo fin se describe especificamente esa conduta referida a elas ou aos cheques de viaxe. A comprobada frecuencia con que estas actividades delituosas se descubren como propias de organizacións criminais obriga ao establecemento das correspondentes previsións represoras. A tutela penal esténdese, pola súa vez, ao tráfico con eses instrumentos falsos e ao seu uso e tenza en condicións que permitan inferir o seu destino ao tráfico, aínda que non se interviñese na falsificación.

XXVII

Nos delitos de suborno producíronse importantes cambios dirixidos a adecuar a nosa lexislación aos compromisos internacionais asumidos, en concreto, ao Convenio penal sobre a corrupción do Consello de Europa do 27 de xaneiro de 1999 e ao Convenio

establecido sobre a base da alínea c) do número 2 do artigo k.3 do Tratado da Unión Europea, relativo á loita contra os actos de corrupción en que estean implicados funcionarios das Comunidades Europeas ou dos Estados membros da Unión Europea.

Con base no establecido nos ditos convenios precisábase unha adaptación das penas, pois exíxese que, cando menos nos casos graves, se prevexan penas privativas de liberdade que poidan dar lugar á extradición. A isto súmase a conveniencia de estender o concepto de funcionario para que abrangan tamén o funcionario comunitario e o funcionario estranxeiro ao servizo doutro país membro da Unión Europea.

A través das leis orgánicas 3/2000 e 15/2003 incorporouse ao noso Código penal o delito de corrupción de funcionario público estranxeiro nas transaccións comerciais internacionais, en cumprimento do Convenio da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) de loita contra a corrupción de axentes públicos estranxeiros nas transaccións comerciais internacionais. Malia isto, o certo é que a configuración do tipo penal presenta deficiencias que demandan unha nova reforma que, de maneira definitiva, acomode o noso dereito interno aos termos do convenio, o que obriga a dar unha nova redacción ao artigo 445 para que así caiba, dunha parte, acoller condutas de corrupción que non están suficientemente recollidas na actualidade, así como regular con precisión a responsabilidade penal de persoas xurídicas que interveñan nesa clase de feitos.

XXVIII

O devir dos pronunciamentos xurisprudenciais demostrou a incapacidade do actual delito de asociación ilícita para responder adecuadamente aos diferentes supostos de agrupacións ou organizacións criminais.

En primeiro lugar –e disto dá proba a escasa aplicación do vixente artigo 515 do Código penal, fóra dos casos de bandas armadas ou organizacións terroristas– a configuración do dito delito como unha manifestación de exercicio abusivo, desviado ou patolóxico do dereito de asociación que consagra o artigo 22 da Constitución, non responde nin á letra nin ao espírito desta norma. O texto constitucional declara a ilegalidade das asociacións que persigan fins ou utilicen medios tipificados como delito; de onde, desde logo, non é forzoso deducir que calquera agrupación de persoas arredor dunha actividade delituosa se poida conceptuar como asociación, e menos aínda asimilarse ao exercicio dun dereito fundamental, como suxire a localización sistemática da norma penal.

As organizacións e grupos criminais en xeral non son realmente «asociacións» que delinquen, senón agrupacións de natureza orixinaria e intrinsecamente delituosa, carentes en moitos casos de ningunha forma ou aparencia xurídica, ou dotadas de tal aparencia co exclusivo propósito de ocultar a súa actividade e buscar a súa impunidade. Adicionalmente, hai que apuntar que a inclusión das organizacións terroristas no artigo 515 do Código penal xerara problemas no campo da cooperación internacional polos problemas que para o cumprimento do requisito de dobre incriminación supuña a cualificación da organización terrorista como asociación ilícita.

A sabendas, precisamente, da polémica doutrinal xurdida arredor da localización sistemática destes tipos penais, optouse finalmente, no propósito de alterar o menos posible a estrutura do vixente Código penal, por situalos dentro do título XXII do libro II, é dicir, no marco dos delitos contra a orde pública. Sono, inequivocamente, se se ten en conta que o fenómeno da criminalidade organizada atenta directamente contra a base mesma da democracia, posto que as ditas organizacións, á parte de multiplicaren cuantitativamente a potencialidade lesiva das distintas condutas delituosas levadas a cabo no seu seo ou a través delas, se caracterizan, no aspecto cualitativo, por xeraren procedementos e instrumentos complexos especificamente dirixidos a asegurar a impunidade das súas actividades e dos seus membros, e á ocultación dos seus recursos e dos rendementos daquelas, no posible dentro dunha falsa aparencia de conformidade coa lei, alterando con tal fin o normal funcionamento dos mercados e das institucións, corrompendo a natureza dos negocios xurídicos, e mesmo afectando a xestión e a capacidade de acción dos órganos do Estado.

A seguridade xurídica, a vixencia efectiva do principio de legalidade, os dereitos e as liberdades dos cidadáns, en fin, a calidade da democracia, constitúen deste modo obxectivos directos da acción destrutiva destas organizacións. A reacción penal fronte á súa existencia sitúase, por tanto, no núcleo mesmo do concepto de orde pública, entendido este na acepción que corresponde a un Estado de dereito, é dicir, como núcleo esencial de preservación dos referidos principios, dereitos e liberdades constitucionais.

Hai que recordar tamén que a xurisprudencia relativa ao delito de asociación ilícita, así como a que analizou as ocasionais mencións que o Código penal vixente fai ás organizacións criminais (por exemplo, en materia de tráfico de drogas), require a comprobación dunha estrutura con vocación de permanencia, quedando fóra por tanto outros fenómenos análogos moi estendidos na sociedade actual, ás veces extremadamente perigosos ou violentos, que non reúnen eses requisitos estruturais. A necesidade de responder a esta realidade conduce á definición, en paralelo coas organizacións, dos que esta lei denomina grupos criminais, definidos no novo artigo 570 ter precisamente por exclusión, é dicir, como formas de concertación criminal que non encaixan no arquetipo das citadas organizacións, pero si achegan un complemento de perigosidade criminal ás accións dos seus compoñentes.

A estrutura das novas infraccións responde a un esquema similar en ambos os casos, organizacións e grupos, aínda que por un lado as penas son máis graves no caso das primeiras, cuxa estrutura máis complexa responde ao deliberado propósito de constituír unha ameaza cualitativa e cuantitativamente maior para a seguridade e a orde xurídica, e, por outra parte, a súa distinta natureza exige algunhas diferenzas na descrición das accións típicas.

Así, no caso das organizacións criminais, o novo artigo 570 bis tipifica primeiro as condutas básicas de constitución, dirección e coordinación, distinguindo segundo se trate de cometer delitos graves ou outras infraccións criminais (incluída a reiteración de faltas), e nun segundo nivel punitivo sitúa as actividades de participación ou cooperación, ás cales se asocia unha resposta penal inferior, agregando en fin agravacións específicas en función das características da organización e o tipo de delitos que ten por obxecto.

Os grupos criminais recóllese no artigo 570 ter, onde se equiparan as súas condutas de constitución co financiamento da súa actividade ou a integración neles, pero sempre distinguindo a resposta punitiva a partir da gravidade das infraccións criminais que tratan de cometer, en termos análogos aos que rexen para as organizacións, e con similares agravacións en razón das características do grupo.

XXIX

Segundo se adiantou, outra das importantes novidades que introduce esta lei é unha profunda reordenación e clarificación do tratamento penal das condutas terroristas, incluíndo entre elas a propia formación, integración ou participación en organizacións ou grupos terroristas, ao mesmo tempo que se incorporan algunhas novidades que dan cumprimento ás obrigas legislativas derivadas da Decisión marco 2008/919/JAI.

O tratamento destas organizacións e grupos desprázase a un novo capítulo VII do título XXII, aproveitando para tal fin o artigo 571, cuxo contido se traslada ao 572, o que permite constituír con aquel unha sección primeira dedicada ás ditas organizacións e grupos, para manter na segunda os actuais delitos de terrorismo. Así, sitúanse as organizacións e grupos terroristas –por obvias razóns de proximidade conceptual, nos termos e polas razóns xa expostas– a continuación das organizacións e grupos criminais, ao mesmo tempo que se unifica nun mesmo capítulo do Código penal a reacción penal contra todas as manifestacións de terrorismo.

En atención á gravidade intrínseca da actividade terrorista, considerada como a maior ameaza para o Estado de dereito, así como á peculiar forma de operar de determinados grupos ou células terroristas de relativamente recente desenvolvemento no plano internacional, cuxo grao de autonomía constitúe, precisamente, un factor engadido de dificultade para a súa identificación e desarticulación, óptase –a diferenza do esquema adoptado no capítulo anterior para as outras organizacións e grupos criminais– por

equiparar plenamente o tratamento punitivo dos grupos terroristas ao das organizacións propiamente ditas, mantendo neste punto a mesma resposta penal que ata agora viña dando a xurisprudencia.

De conformidade coa pauta marcada pola citada decisión marco, ao artigo 576 engádese un número 3 que amplía o concepto de colaboración con organización ou grupo terrorista, asimilándolles condutas que ata o presente presentaron algunhas dificultades de encaixamento legal: así ofrécese a oportuna resposta punitiva á actuación dos grupos ou células –e mesmo das condutas individuais– que teñen por obxecto a captación, o adoutramento, o adestramento ou a formación de terroristas. Na mesma liña apuntada pola normativa harmonizadora europea, recóllense no primeiro número do artigo 579 as condutas de distribución ou difusión pública, por calquera medio, de mensaxes ou consignas que, sen chegar necesariamente a constituír resolucións manifestadas de delicto (isto é, provocación, conspiración ou proposición para a realización dunha concreta acción criminal), se teñen acreditado como medios innegablemente aptos para ir xerando o caldo de cultivo en que, nun instante concreto, chegue a madurar a decisión executiva de delinquir, aínda que, tal e como exigen a Decisión marco e o Convenio do Consello de Europa sobre terrorismo, tales condutas deberán xerar ou incrementar un certo risco de comisión dun delicto de terrorismo.

Pola súa parte, o artigo 576 bis, que quedara baleiro de contido tras a súa derogación pola Lei orgánica 2/2005, do 22 de xuño, pasa agora a recoller a tipificación expresa do delicto de financiamento do terrorismo, que ademais se completa, seguindo a liña normativa trazada en materia de branqueo de capitais, coa inclusión da conduta imprudente dos suxeitos especialmente obrigados a colaborar coa Administración na prevención do dito financiamento.

Para concluír este punto, e de acordo coas consideracións que no seu lugar se realizaron, previuse a aplicación a estes suxeitos da nova medida pospenitenciaria de liberdade vixiada por un tempo de cinco a dez anos, que, non obstante, pode quedar excluída cando, tratándose dun só delicto illado e non grave, cometido por un delincente primario, quede, a xuízo do tribunal, acreditada a falta de perigosidade do autor.

XXX

As normas de desenvolvemento do Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional, así como a ratificación por España doutros instrumentos de dereito internacional humanitario, entre os que destacan a Convención do 18 de setembro de 1997 (Tratado de Ottawa) sobre a prohibición do emprego, almacenamento, produción e transferencia de minas antipersoas e sobre a súa destrución, a Convención sobre a seguridade do persoal das Nacións Unidas e o persoal asociado do 9 de decembro de 1994, o segundo Protocolo do 26 de marzo de 1999 da Convención da Haia de 1954, sobre protección dos bens culturais en caso de conflito armado e o Protocolo facultativo do 25 de maio de 2000 da Convención de 1989, sobre os dereitos do neno, relativo á participación dos nenos nos conflitos armados, puxeron de relevo a necesidade de adecuar os delitos contra a comunidade internacional.

É de destacar a especial protección penal dispensada a mulleres e nenos en conflitos armados, castigándose expresamente a quen atente contra a liberdade sexual dunha persoa protexida cometendo actos de violación, escravitude sexual, prostitución inducida ou forzada, embarazo forzado, esterilización forzada ou calquera outra forma de agresión sexual, e a aqueles que recrutén ou alistén menores de 18 anos ou os utilicen para participar directamente nos ditos conflitos.

Por último, procédese á creación dun novo delicto de pirataría dentro do título dedicado aos delitos contra a comunidade internacional. A razón de ser desta reforma radica na necesidade de dar resposta á problemática dos eventuais actos ilícitos contra a seguridade da navegación marítima e aérea, e confórmase recollendo os postulados do Convenio de Montego Bay do 10 de decembro de 1982 sobre o dereito do mar e da Convención sobre a navegación marítima asinado en Roma o 10 de marzo de 1988.

XXXI

Finalmente, entre as reformas que se realizan con ocasión desta modificación do Código penal figura tamén –na liña de protección das vítimas de delitos que a caracteriza– a introdución dunha tutela civil específica dos dereitos destas. Non infrecuentemente, nos últimos tempos accederon á programación dos medios de comunicación autores de infraccións penais condenados por sentenza firme que chegan a facer ostentación da conduta criminal perpetrada, difunden datos manifestamente falsos sobre ela e obteñen ademais con iso un lucro económico inxustificable. Tales comportamentos atentan contra a dignidade daqueles que sufriron as consecuencias deses actos e dos seus achegados, que son sometidos a unha nova experiencia traumática derivada desta invasión pública do seu honor e intimidade. Dadas as limitacións que caracterizan o dereito penal, considerouse que a vía idónea para responder adecuadamente a este fenómeno consiste en articular unha acción civil eficaz que, no marco da Lei orgánica 1/1982, permita ás vítimas actuar fronte a este tipo de condutas instando o seu cesamento, o resarcimento do dano moral causado e a evitación de todo enriquecemento inxusto derivado desta intromisión ilexítima. Ademais, co fin de reforzar a tutela, optouse por lexitimar para a acción o Ministerio Fiscal, en canto que defensor dos dereitos dos cidadáns.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Primeiro.

A circunstancia 6.^a do artigo 21 pasa a ser 7.^a e engádese unha circunstancia 6.^a coa redacción seguinte:

«6.^a A dilación extraordinaria e indebida na tramitación do procedemento, sempre que non sexa atribuíble ao propio inculpado e que non garde proporción coa complexidade da causa.»

Segundo.

Modifícase a circunstancia 4.^a do artigo 22, que queda redactada como segue:

«4.^a Cometer o delito por motivos racistas, antisemitas ou outra clase de discriminación referente á ideoloxía, relixión ou crenzas da vítima, a etnia, raza ou nación a que pertenza, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade.»

Terceiro.

Suprímese o número 2 do artigo 31.

Cuarto.

Engádese o artigo 31 bis, que terá a seguinte redacción:

«1. Nos supostos previstos neste código, as persoas xurídicas serán penalmente responsables dos delitos cometidos en nome ou por conta delas, e no seu proveito, polos seus representantes legais e administradores de feito ou de dereito.

Nos mesmos supostos, as persoas xurídicas serán tamén penalmente responsables dos delitos cometidos, no exercicio de actividades sociais e por conta e en proveito delas, por aqueles que, estando sometidos á autoridade das persoas físicas mencionadas no parágrafo anterior, puideron realizar os feitos por non se ter exercido sobre eles o debido control, atendidas as concretas circunstancias do caso.

2. A responsabilidade penal das persoas xurídicas será exigible sempre que se constate a comisión dun delito que tivo que ser cometido por quen exerza os cargos ou funcións aludidas no número anterior, mesmo cando a concreta persoa física responsable non fose individualizada ou non fose posible dirixir o procedemento contra ela. Cando, como consecuencia dos mesmos feitos, se lles impoña a ambas a pena de multa, os xuíces ou tribunais modularán as respectivas contías, de modo que a suma resultante non sexa desproporcionada en relación coa gravidade daqueles.

3. A concorrencia, nas persoas que materialmente realizaron os feitos ou nas que os fixeron posibles por non ter exercido o debido control, de circunstancias que afecten a culpabilidade do acusado ou agraven a súa responsabilidade, ou o feito de que as ditas persoas falecesen ou se tivesen subtraído á acción da xustiza, non excluírá nin modificará a responsabilidade penal das persoas xurídicas, sen prexuízo do que se dispón no número seguinte.

4. Só se poderán considerar circunstancias atenuantes da responsabilidade penal das persoas xurídicas ter realizado, con posterioridade á comisión do delito e a través dos seus representantes legais, as seguintes actividades:

a) Ter procedido, antes de coñecer que o procedemento xudicial se dirixe contra ela, a confesar a infracción ás autoridades.

b) Ter colaborado na investigación do feito achegando probas, en calquera momento do proceso, que sexan novas e decisivas para esclarecer as responsabilidades penais dimanantes dos feitos.

c) Ter procedido en calquera momento do procedemento e con anterioridade ao xuízo oral a reparar ou diminuír o dano causado polo delito.

d) Ter establecido, antes do comezo do xuízo oral, medidas eficaces para previr e descubrir os delitos que no futuro se puideren cometer cos medios ou baixo a cobertura da persoa xurídica.

5. As disposicións relativas á responsabilidade penal das persoas xurídicas non serán aplicables ao Estado, ás administracións públicas territoriais e institucionais, aos organismos reguladores, ás axencias e entidades públicas empresariais, aos partidos políticos e sindicatos, ás organizacións internacionais de dereito público, nin a aquelas outras que exerzan potestades públicas de soberanía, administrativas ou cando se trate de sociedades mercantís estatais que executen políticas públicas ou presten servizos de interese económico xeral.

Nestes supostos, os órganos xurisdiccionais poderán efectuar declaración de responsabilidade penal no caso de que aprecien que se trata dunha forma xurídica creada polos seus promotores, fundadores, administradores ou representantes co propósito de eludir unha eventual responsabilidade penal.»

Quinto.

Engádesse a alínea j) ao número 2, modifícase a alínea j) e engádense as alíneas l) e m) ao número 3, modifícase a alínea g) do número 4 e engádesse un número 7 ao artigo 33 co seguinte contido:

«2. Son penas graves:

[...]

j) A privación da patria potestade.»

«3. Son penas menos graves:

[...]

j) A multa proporcional, calquera que sexa a súa contía, salvo o disposto no número 7 deste artigo.

l) A localización permanente de tres meses e un día a seis meses.

m) A perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar de beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social, calquera que sexa a súa duración.»

«4. Son penas leves:

[...]

g) A localización permanente dun día a tres meses.»

«7. As penas aplicables ás persoas xurídicas, que teñen todas a consideración de graves, son as seguintes:

a) Multa por cotas ou proporcional.

b) Disolución da persoa xurídica. A disolución producirá a perda definitiva da súa personalidade xurídica, así como a da súa capacidade de actuar de calquera modo no tráfico xurídico, ou levar a cabo calquera clase de actividade, aínda que sexa lícita.

c) Suspensión das súas actividades por un prazo que non poderá exceder os cinco anos.

d) Clausura dos seus locais e establecementos por un prazo que non poderá exceder os cinco anos.

e) Prohibición de realizar no futuro as actividades no exercicio das cales se cometeu, favoreceu ou encubriu o delito. Esta prohibición poderá ser temporal ou definitiva. Se é temporal, o prazo non poderá exceder de quince anos.

f) Inhabilitación para obter subvencións e axudas públicas, para contratar co sector público e para gozar de beneficios e incentivos fiscais ou da Seguridade Social, por un prazo que non poderá exceder os quince anos.

g) Intervención xudicial para salvagardar os dereitos dos traballadores ou dos acredores polo tempo que se coide necesario, que non poderá exceder os cinco anos.

A intervención poderá afectar a totalidade da organización ou limitarse a algunha das súas instalacións, seccións ou unidades de negocio. O xuíz ou tribunal, na sentenza ou, posteriormente, mediante auto, determinará exactamente o contido da intervención e determinará quen se fará cargo da intervención e en que prazos deberá realizar informes de seguimento para o órgano xudicial. A intervención poderase modificar ou suspender en todo momento co informe previo do interventor e do Ministerio Fiscal. O interventor terá dereito a acceder a todas as instalacións e locais da empresa ou persoa xurídica e a recibir tanta información considere necesaria para o exercicio das súas funcións. Regulamentariamente determinaranse os aspectos relacionados co exercicio da función de interventor, como a retribución ou a cualificación necesaria.

A clausura temporal dos locais ou establecementos, a suspensión das actividades sociais e a intervención xudicial poderán ser acordadas tamén polo xuíz instructor como medida cautelar durante a instrución da causa.»

Sexto.

Modifícase o número 2 do artigo 36, que queda redactado como segue:

«2. Cando a duración da pena de prisión imposta sexa superior a cinco anos, o xuíz ou tribunal poderá ordenar que a clasificación do condenado no terceiro grao de tratamento penitenciario non se efectúe ata o cumprimento da metade da pena imposta.

En calquera caso, cando a duración da pena de prisión imposta sexa superior a cinco anos e se trate dos delitos enumerados a seguir, a clasificación do condenado no terceiro grao de tratamento penitenciario non se poderá efectuar ata o cumprimento da metade desta:

- a) Delitos referentes a organizacións e grupos terroristas e delitos de terrorismo do capítulo VII do título XXII do libro II deste código.
- b) Delitos cometidos no seo dunha organización ou grupo criminal.
- c) Delitos do artigo 183.
- d) Delitos do capítulo V do título VIII do libro II deste código, cando a vítima sexa menor de trece anos.

O xuíz de vixilancia, logo dun prognóstico individualizado e favorable de reinserción social e valorando, de ser o caso, as circunstancias persoais do reo e a evolución do tratamento reeducador, poderá acordar razoadamente, oídos o Ministerio Fiscal, as institucións penitenciarias e as demais partes, a aplicación do réxime xeral de cumprimento, salvo nos supostos contidos no parágrafo anterior.»

Sétimo.

Modifícase o número 1 e engádesse o número 4 ao artigo 37, que quedan redactados como segue:

«1. A localización permanente terá unha duración de ata seis meses. O seu cumprimento obriga o penado a permanecer no seu domicilio ou en lugar determinado fixado polo xuíz en sentenza ou posteriormente en auto motivado.

Non obstante, nos casos en que a localización permanente estea prevista como pena principal, atendendo á reiteración na comisión da infracción e sempre que así o dispoña expresamente o concreto precepto aplicable, o xuíz poderá acordar en sentenza que a pena de localización permanente se cumpra os sábados, domingos e días festivos no centro penitenciario máis próximo ao domicilio do penado.

4. Para garantir o cumprimento efectivo, o xuíz ou tribunal poderá acordar a utilización de medios mecánicos ou electrónicos que permitan a localización do reo.»

Oitavo.

Engádesse a alínea j) ao artigo 39, que queda redactada como segue:

Son penas privativas de dereitos:

[...]

«j) A privación da patria potestade.»

Noveno.

Modifícase o artigo 46, que queda redactado como segue:

«A inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento, priva o penado dos dereitos inherentes á primeira, e supón a extinción das demais, así como a incapacidade para obter nomeamento para os ditos cargos durante o tempo da condena. A pena de privación da patria potestade implica a perda da súa titularidade, subsistindo os dereitos de que sexa titular o fillo respecto do penado. O xuíz ou tribunal poderá acordar estas penas respecto de todos ou algún dos menores ou incapaces que estean a cargo do penado, en atención ás circunstancias do caso.

Para os efectos deste artigo, a patria potestade comprende tanto a regulada no Código civil, incluída a prorrogada, como as institucións análogas previstas na lexislación civil das comunidades autónomas.»

Décimo.

Modifícase o número 1 do artigo 48, que queda redactado como segue:

«1. A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles impídelle ao penado residir ou acudir ao lugar en que cometeu o delito ou falta, ou a aquel en que resida a vítima ou a súa familia, de seren distintos.»

Décimo primeiro.

Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 49, que queda redactado como segue:

«Os traballos en beneficio da comunidade, que non se poderán impor sen o consentimento do penado, obríganlo a prestar a súa cooperación non retribuída en determinadas actividades de utilidade pública, que poderán consistir, en relación con delitos de similar natureza ao cometido polo penado, en labores de reparación dos danos causados ou de apoio ou asistencia ás vítimas, así como na participación do penado en talleres ou programas formativos ou de reeducación, laborais, culturais, de educación viaria, sexual e outros similares. A súa duración diaria non poderá exceder oito horas e as súas condicións serán as seguintes:»

Décimo segundo.

Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 50, que quedan redactados como segue:

«3. A súa extensión mínima será de dez días e a máxima de dous anos. As penas de multa impoñibles a persoas xurídicas terán unha extensión máxima de cinco anos.

4. A cota diaria terá un mínimo de dous e un máximo de 400 euros, excepto no caso das multas impoñibles ás persoas xurídicas, en que a cota diaria terá un mínimo de 30 e un máximo de 5.000 euros. Para efectos de cómputo, cando se fixe a duración por meses ou por anos, entenderase que os meses son de trinta días e os anos de trescentos sesenta.»

Décimo terceiro.

Engádesse un número 4 ao artigo 52 coa seguinte redacción:

«4. Nos casos en que este código prevé unha pena de multa para as persoas xurídicas en proporción ao beneficio obtido ou facilitado, ao prexuízo causado, ao valor do obxecto, ou á cantidade defraudada ou indebidamente obtida, de non ser posible o cálculo baseado en tales conceptos, o xuíz ou tribunal motivará a imposibilidade de proceder a tal cálculo e as multas previstas substituiranse polas seguintes:

- a) Multa de dous a cinco anos, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.
- b) Multa dun a tres anos, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de dous anos non incluída no inciso anterior.
- c) Multa de seis meses a dous anos, no resto dos casos.»

Décimo cuarto.

Engádesse un número 5 ao artigo 53 coa seguinte redacción:

«5. Poderá ser fraccionado o pagamento da multa imposta a unha persoa xurídica, durante un período de ata cinco anos, cando a súa contía poña probadamente en perigo a supervivencia daquela ou o mantemento dos postos de traballo existentes nela, ou cando o aconselle o interese xeral. Se a persoa xurídica condenada non satisfai, voluntariamente ou por vía de constrinximento, a multa imposta no prazo que se sinalase, o tribunal poderá acordar a súa intervención ata o seu pagamento total.»

Décimo quinto.

Modifícase o artigo 55, que queda redactado como segue:

«A pena de prisión igual ou superior a dez anos levará consigo a inhabilitación absoluta durante o tempo da condena, salvo que esta xa estea prevista como pena principal para o suposto de que se trate. O xuíz poderá, ademais, dispor a inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento, ou ben a privación da patria potestade, de estes dereitos teren tido relación directa co delito cometido. Esta vinculación deberá ser determinada expresamente na sentenza.»

Décimo sexto.

Modifícase a circunstancia 3.^a do número 1 do artigo 56, que queda redactada como segue:

«1. Nas penas de prisión inferiores a dez anos, os xuíces ou tribunais imporán, atendendo á gravidade do delito, como penas accesorias, algunha ou algunhas das seguintes:

[...]

3.^a Inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión, oficio, industria, comercio, exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento ou calquera outro dereito, a privación da patria potestade, de estes dereitos teren tido relación directa co delito cometido, debendo determinarse expresamente na sentenza esta vinculación, sen prexuízo da aplicación do previsto no artigo 579 deste código.»

Décimo sétimo.

Modifícase o número 1 do artigo 58, que queda redactado como segue:

«1. O tempo de privación de liberdade sufrido provisoriamente será aboado na súa totalidade polo xuíz ou tribunal sentenciador para o cumprimento da pena ou penas impostas na causa en que a dita privación foi acordada, salvo en canto coincidise con calquera privación de liberdade imposta ao penado noutra causa, que lle fose aboada ou lle sexa aboable nela. En ningún caso un mesmo período de privación de liberdade poderá ser aboado en máis dunha causa.»

Décimo oitavo.

Engádesse un artigo 66 bis novo, que terá a seguinte redacción:

«Na aplicación das penas impostas ás persoas xurídicas aplicarase o disposto nas regras 1.^a a 4.^a e 6.^a a 8.^a do primeiro número do artigo 66, así como ás seguintes:

1.^a Nos supostos en que veñan establecidas polas disposicións do libro II, para decidir sobre a imposición e a extensión das penas previstas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33 deberase ter en conta:

- a) A súa necesidade para previr a continuidade da actividade delituosa ou dos seus efectos.
- b) As súas consecuencias económicas e sociais, e especialmente os efectos para os traballadores.
- c) O posto que na estrutura da persoa xurídica ocupa a persoa física ou órgano que incumpriu o deber de control.

2.^a Cando as penas previstas nas alíneas c) a g) do número 7 do artigo 33 se impoñan cunha duración limitada, esta non poderá exceder a duración máxima da pena privativa de liberdade prevista para o caso de que o delito sexa cometido por persoa física.

Para a imposición das sancións previstas nas alíneas c) a g) por un prazo superior a dous anos será necesario que se dea algunha das dúas circunstancias seguintes:

- a) Que a persoa xurídica sexa reincidente.
- b) Que a persoa xurídica se utilice instrumentalmente para a comisión de ilícitos penais. Entenderase que se está ante este último suposto sempre que a actividade legal da persoa xurídica sexa menos relevante que a súa actividade ilegal.

Para a imposición con carácter permanente das sancións previstas nas alíneas b) e e), e para a imposición por un prazo superior a cinco anos das previstas nas alíneas e) e f) do número 7 do artigo 33, será necesario que se dea algunha das dúas circunstancias seguintes:

- a) Que se estea ante o suposto de feito previsto na regra 5.^a do primeiro número do artigo 66.
- b) Que a persoa xurídica se utilice instrumentalmente para a comisión de ilícitos penais. Entenderase que se está ante este último suposto sempre que a actividade legal da persoa xurídica sexa menos relevante que a súa actividade ilegal».

Décimo noveno.

Modifícase o artigo 83, número 1, punto 5.º, que queda redactado como segue:

«5.º Participar en programas formativos, laborais, culturais, de educación viaria, sexual, de defensa do ambiente, de protección dos animais e outros similares.»

Vixésimo.

Modifícanse os parágrafos primeiro e terceiro do número 1 do artigo 88, que quedan redactados como segue:

«1. Os xuíces ou tribunais poderán substituír, logo de audiencia das partes, na mesma sentenza, ou posteriormente en auto motivado, antes de dar inicio á súa execución, as penas de prisión que non excedan un ano por multa ou por traballos en beneficio da comunidade, e nos casos de penas de prisión que non excedan os seis meses, tamén por localización permanente, aínda que a lei non prevexa estas penas para o delito de que se trate, cando as circunstancias persoais do reo, a natureza do feito, a súa conduta e, en particular, o esforzo para reparar o dano causado así o aconsellen, sempre que non se trate de reos habituais, substituíndose cada día de prisión por dúas cotas de multa ou por unha xornada de traballo ou por un día de localización permanente. Nestes casos o xuíz ou tribunal poderá, ademais, impor ao penado a observancia dunha ou varias obrigas ou deberes previstos no

artigo 83 deste código, de non se teren establecido como penas na sentenza, por tempo que non poderá exceder a duración da pena substituída.

[...]

No caso de o reo ter sido condenado por un delito relacionado coa violencia de xénero, a pena de prisión só poderá ser substituída pola de traballos en beneficio da comunidade ou localización permanente en lugar distinto e separado do domicilio da vítima. Nestes supostos, o xuíz ou tribunal impondrá adicionalmente, ademais da suxeición a programas específicos de reeducación e tratamento psicolóxico, a observancia das obrigas ou deberes previstos nas regras 1.^a e 2.^a, do número 1 do artigo 83 deste código.»

Vixésimo primeiro.

Modifícase o artigo 89, que queda redactado como segue:

«1. As penas privativas de liberdade inferiores a seis anos impostas a un estranxeiro non residente legalmente en España serán substituídas na sentenza pola súa expulsión do territorio español, salvo que o xuíz ou tribunal, logo de audiencia do penado, do Ministerio Fiscal e das partes comparecidas, de forma motivada, aprecie razóns que xustifiquen o cumprimento da condena nun centro penitenciario en España.

Tamén se poderá acordar a expulsión en auto motivado posterior, logo de audiencia do penado, do Ministerio Fiscal e das demais partes comparecidas.

2. O estranxeiro non poderá regresar a España nun prazo de cinco a dez anos, contados desde a data da súa expulsión, atendidas a duración da pena substituída e as circunstancias persoais do penado.

3. A expulsión levará consigo o arquivo de calquera procedemento administrativo que teña por obxecto a autorización para residir ou traballar en España.

4. De o estranxeiro expulsado regresar a España antes de transcorrer o período de tempo establecido xudicialmente, cumprirá as penas que foron substituídas. Non obstante, se é sorprendido na fronteira, será expulsado directamente pola autoridade gubernativa e empezará a computarse de novo o prazo de prohibición de entrada na súa integridade.

5. Os xuíces ou tribunais, por instancia do Ministerio Fiscal e logo de audiencia do penado e das partes comparecidas, acordarán en sentenza, ou durante a súa execución, a expulsión do territorio nacional do estranxeiro non residente legalmente en España que teña que cumprir ou estea cumprindo calquera pena privativa de liberdade, para o caso de que accedese ao terceiro grao penitenciario ou cumprise as tres cuartas partes da condena, salvo que, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e de forma motivada, aprecien razóns que xustifiquen o cumprimento en España.

6. Cando, ao se acordar a expulsión en calquera dos supostos previstos neste artigo, o estranxeiro non se encontre ou non quede efectivamente privado de liberdade en execución da pena imposta, o xuíz ou tribunal poderá acordar, co fin de asegurar a expulsión, o seu ingreso nun centro de internamento de estranxeiros, nos termos e cos límites e garantías previstos na lei para a expulsión gubernativa.

En todo caso, se, acordada a substitución da pena privativa de liberdade pola expulsión, esta non se puider levar a efecto, procederase á execución da pena orixinariamente imposta ou do período de condena pendente, ou á aplicación, de ser o caso, da suspensión da súa execución ou a súa substitución nos termos do artigo 88 deste código.

7. As disposicións establecidas nos números anteriores non serán de aplicación aos estranxeiros que fosen condenados pola comisión de delitos a que se refiren os artigos 312, 313 e 318 bis deste código.»

Vixésimo segundo.

Modifícase o número 3 do artigo 96, que queda redactado como segue:

«3. Son medidas non privativas de liberdade:

- 1.^a) A inhabilitación profesional.
- 2.^a) A expulsión do territorio nacional de estranxeiros non residentes legalmente en España.
- 3.^a) A liberdade vixiada
- 4.^a) A custodia familiar. O sometido a esta medida quedará suxeito ao coidado e vixilancia do familiar que se designe e que acepte a custodia, quen a exercerá en relación co xuíz de vixilancia penitenciaria e sen menoscabo das actividades escolares ou laborais do custodiado.
- 5.^a) A privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.
- 6.^a) A privación do dereito á tenza e porte de armas.»

Vixésimo terceiro.

Modifícase o artigo 97, que queda redactado como segue:

«Durante a execución da sentenza, o xuíz ou tribunal sentenciador adoptará, polo procedemento establecido no artigo seguinte, algunha das seguintes decisións:

- a) Manter a execución da medida de seguridade imposta.
- b) Decretar o cesamento de calquera medida de seguridade imposta en canto desapareza a perigosidade criminal do suxeito.
- c) Substituír unha medida de seguridade por outra que considere máis adecuada, entre as previstas para o suposto de que se trate. No caso de que sexa acordada a substitución e o suxeito evolucione desfavorablemente, deixarase sen efecto a substitución e volverase aplicar a medida substituída.
- d) Deixar en suspenso a execución da medida en atención ao resultado xa obtido coa súa aplicación, por un prazo non superior ao que reste ata o máximo sinalado na sentenza que a impuxo. A suspensión quedará condicionada a que o suxeito non delinca durante o prazo fixado, e poderase deixar sen efecto se novamente resulta acreditada calquera das circunstancias previstas no artigo 95 deste código.»

Vixésimo cuarto.

Modifícase o artigo 98, que queda redactado como segue:

«1. Para os efectos do artigo anterior, cando se trate dunha medida de seguridade privativa de liberdade ou dunha medida de liberdade vixiada que se deba executar despois do cumprimento dunha pena privativa de liberdade, o xuíz de vixilancia penitenciaria estará obrigado a elevar, polo menos anualmente, unha proposta de mantemento, cesamento, substitución ou suspensión dela. Para formular a dita proposta o xuíz de vixilancia penitenciaria deberá valorar os informes emitidos polos facultativos e profesionais que asistan o sometido a medida de seguridade ou polas administracións públicas competentes e, de ser o caso, o resultado das demais actuacións que para este fin ordene.

2. De se tratar de calquera outra medida non privativa de liberdade, o xuíz ou tribunal sentenciador solicitará directamente das administracións, facultativos e profesionais a que se refire o número anterior os oportunos informes acerca da situación e da evolución do condenado, do seu grao de rehabilitación e do pronóstico de reincidencia ou reiteración delituosa.

3. En todo caso, o xuíz ou tribunal sentenciador resolverá motivadamente á vista da proposta ou dos informes a que respectivamente se refiren os dous números anteriores, oída a propia persoa sometida á medida, así como o Ministerio Fiscal e

as demais partes. Serán oídas, así mesmo, as vítimas do delito que non estean constituídas como parte cando así o solicitasen ao inicio ou en calquera momento da execución da sentenza e permanezan localizables para tal efecto.»

Vixésimo quinto.

Modifícase o número 3 do artigo 100, que queda redactado como segue:

«3. En ambos os casos o xuíz ou tribunal deducirá testemuño polo quebrantamento. Para estes efectos, non se considerará quebrantamento da medida a negativa do suxeito a someterse a tratamento médico ou a continuar un tratamento médico inicialmente consentido. Non obstante, o xuíz ou tribunal poderá acordar a substitución do tratamento inicial ou posteriormente rexeitado por outra medida de entre as aplicables ao suposto de que se trate.»

Vixésimo sexto.

Modifícase o número 3 do artigo 103 do Código penal, que queda redactado como segue:

«3. Neste suposto, a proposta a que se refire o artigo 98 deste código deberase facer ao terminar cada curso ou grao de ensino.»

Vixésimo sétimo.

Modifícase o artigo 105, que queda redactado como segue:

«Nos casos previstos nos artigos 101 a 104, cando impoña a medida privativa de liberdade ou durante a execución desta, o xuíz ou tribunal poderá impor razoadamente unha ou varias medidas que se enumeran a seguir. Deberá, así mesmo, impor algunha ou algunhas das ditas medidas nos demais casos expresamente previstos neste código.

1. Por un tempo non superior a cinco anos:

- a) Liberdade vixiada.
- b) Custodia familiar. O sometido a esta medida quedará suxeito ao coidado e vixilancia do familiar que se designe e que acepte a custodia, quen a exercerá en relación co xuíz de vixilancia e sen menoscabo das actividades escolares ou laborais do custodiado.

2. Por un tempo de ata dez anos:

- a) Liberdade vixiada, cando expresamente o dispoña este código.
- b) A privación do dereito á tenza e ao porte de armas.
- c) A privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.

Para decretar a obriga de observar algunha ou algunhas das medidas previstas neste artigo, así como para concretar a dita obriga cando por lei está obrigado a impolas, o xuíz ou tribunal sentenciador deberá valorar os informes emitidos polos facultativos e profesionais encargados de asistir o sometido á medida de seguridade.

O xuíz de vixilancia penitenciaria ou os servizos da administración correspondente informarán o xuíz ou tribunal sentenciador.

Nos casos previstos neste artigo, o xuíz ou tribunal sentenciador disporá que os servizos de asistencia social competentes presten a axuda ou atención que precise e legalmente lle corresponda ao sometido a medidas de seguridade non privativas de liberdade.»

Vixésimo oitavo.

Modifícase o artigo 106, que queda redactado como segue:

«1. A liberdade vixiada consistirá no sometemento do condenado a control xudicial a través do cumprimento pola súa parte dalgunha ou dalgunhas das seguintes medidas:

- a) A obriga de estar sempre localizable mediante aparellos electrónicos que permitan o seu seguimento permanente.
- b) A obriga de se presentar periodicamente no lugar que o xuíz ou tribunal estableza.
- c) A de comunicar inmediatamente, no prazo máximo e polo medio que o xuíz ou tribunal sinala para tal efecto, cada cambio do lugar de residencia ou do lugar ou posto de traballo.
- d) A prohibición de se ausentar do lugar onde resida ou dun determinado territorio sen autorización do xuíz ou tribunal.
- e) A prohibición de se aproximar á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal.
- f) A prohibición de se comunicar coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal.
- g) A prohibición de acudir a determinados territorios, lugares ou establecementos.
- h) A prohibición de residir en determinados lugares.
- i) A prohibición de desempeñar determinadas actividades que poidan ofrecerlle ou facilitarlle a ocasión para cometer feitos delituosos de similar natureza.
- j) A obriga de participar en programas formativos, laborais, culturais, de educación sexual ou outros similares.
- k) A obriga de seguir tratamento médico externo, ou de se someter a un control médico periódico.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 105, o xuíz ou tribunal deberá impor na sentenza a medida de liberdade vixiada para o seu cumprimento posterior á pena privativa de liberdade imposta sempre que así o dispoña de maneira expresa este código.

Nestes casos, polo menos dous meses antes da extinción da pena privativa de liberdade, de modo que a medida de liberdade vixiada se poida iniciar nese mesmo momento, o xuíz de vixilancia penitenciaria, polo procedemento previsto no artigo 98, trasladará a oportuna proposta ao xuíz ou tribunal sentenciador, que, consonte co dito procedemento, concretará, sen prexuízo do establecido no artigo 97, o contido da medida fixando as obrigas ou prohibicións enumeradas no número 1 deste artigo que deberá observar o condenado.

De este o ter sido a varias penas privativas de liberdade que deba cumprir sucesivamente, o disposto no parágrafo anterior entenderase referido ao momento en que conclúa o cumprimento de todas elas.

Así mesmo, o penado a quen se lle impuxesen por diversos delitos outras tantas medidas de liberdade vixiada que, dado o contido das obrigas ou prohibicións establecidas, non poidan ser executadas simultaneamente, cumpriraas de maneira sucesiva, sen prexuízo de que o xuíz ou tribunal poida exercer as facultades que lle atribúe o número seguinte.

3. Polo mesmo procedemento do artigo 98, o xuíz ou tribunal poderá:

- a) Modificar no sucesivo as obrigas e prohibicións impostas.
- b) Reducir a duración da liberdade vixiada ou mesmo pór fin a ela en vista do pronóstico positivo de reinserción que considere innecesaria ou contraproducente a continuidade das obrigas ou prohibicións impostas.
- c) Deixar sen efecto a medida cando a circunstancia descrita na alínea anterior se dea no momento de concreción das medidas que se regulan no número 2 deste artigo.

4. En caso de incumprimento dunha ou varias obrigas o xuíz ou tribunal, á vista das circunstancias concorrentes e polo mesmo procedemento indicado nos números anteriores, poderá modificar as obrigas ou prohibicións impostas. Se o incumprimento é reiterado ou grave, revelador da vontade de non se someter ás obrigas ou prohibicións impostas, o xuíz deducirá, ademais, testemuño por un presunto delito do artigo 468 deste código.»

Vixésimo noveno.

Engádesse un número 3 ao artigo 116, que terá a seguinte redacción:

«3. A responsabilidade penal dunha persoa xurídica levará consigo a súa responsabilidade civil nos termos establecidos no artigo 110 deste código de forma solidaria coas persoas físicas que sexan condenadas polos mesmos feitos.»

Trixésimo.

Modifícase o artigo 127, que queda redactado como segue:

«1. Toda pena que se impoña por un delito ou falta dolosos levará consigo a perda dos efectos que deles proveñan e dos bens, medios ou instrumentos con que se preparase ou executase, así como as ganancias provenientes do delito ou falta, calquera que sexa a transformación que puideren ter experimentado. Tanto uns coma outras serán comisados, a non ser que pertenzan a un terceiro de boa fe non responsable do delito que os adquirise legalmente.

O xuíz ou tribunal deberá ampliar o comiso aos efectos, bens, instrumentos e ganancias procedentes de actividades delituosas cometidas no marco dunha organización ou grupo criminal ou terrorista, ou dun delito de terrorismo. Para estes efectos, entenderase que provén da actividade delituosa o patrimonio de todas e cada unha das persoas condenadas por delitos cometidos no seo da organización ou grupo criminal ou terrorista ou por un delito de terrorismo cuxo valor sexa desproporcionado con respecto aos ingresos obtidos legalmente por cada unha das ditas persoas.

2. Nos casos en que a lei prevexa a imposición dunha pena privativa de liberdade superior a un ano pola comisión dun delito imprudente, o xuíz ou tribunal poderá acordar a perda dos efectos que proveñan deste e dos bens, medios ou instrumentos con que se preparase ou executase, así como as ganancias provenientes do delito, calquera que sexan as transformacións que puideren ter experimentado.

3. Se por calquera circunstancia non é posible o comiso dos bens sinalados nos números anteriores deste artigo, acordarase o comiso por un valor equivalente doutros bens que pertenzan aos criminalmente responsables do feito.

4. O xuíz ou tribunal poderá acordar o comiso previsto nos números anteriores deste artigo mesmo cando non se impoña pena a algunha persoa por estar exenta de responsabilidade criminal ou por se ter extinguido esta, neste último caso, sempre que quede demostrada a situación patrimonial ilícita.

5. Os que se comisan venderanse, se son de lícito comercio, e o seu produto aplicarase a cubrir as responsabilidades civís do penado se a lei non prevé outra cousa, e, se non o son, daráselles o destino que se dispoña regulamentariamente e, no seu defecto, inutilizaranse.»

Trixésimo primeiro.

Modifícase o artigo 129, que queda redactado como segue:

«1. No caso de delitos ou faltas cometidos no seo, coa colaboración, a través ou por medio de empresas, organizacións, grupos ou calquera outra clase de entidades ou agrupacións de persoas que, por careceren de personalidade xurídica,

non estean comprendidas no artigo 31 bis deste código, o xuíz ou tribunal poderá impor motivadamente ás ditas empresas, organizacións, grupos, entidades ou agrupacións unha ou varias consecuencias accesorias á pena que corresponda ao autor do delito, co contido previsto nas alíneas c) a g) do artigo 33.7. Poderá tamén acordar a prohibición definitiva de levar a cabo calquera actividade, aínda que sexa lícita.

2. As consecuencias accesorias a que se refire o número anterior só se poderán aplicar ás empresas, organizacións, grupos ou entidades ou agrupacións mencionados nel cando este código o prevexa expresamente, ou cando se trate dalgún dos delitos ou faltas polos que este permite exixir responsabilidade penal ás persoas xurídicas.

3. A clausura temporal dos locais ou establecementos, a suspensión das actividades sociais e a intervención xudicial poderán ser acordadas tamén polo xuíz instructor como medida cautelar durante a instrución da causa para os efectos establecidos neste artigo e cos límites sinalados no artigo 33.7.»

Trixésimo segundo.

O actual artigo 130 pasa a ser o número 1 do dito artigo e engádeselle un número 2, co seguinte contido:

«2. A transformación, fusión, absorción ou escisión dunha persoa xurídica non extingue a súa responsabilidade penal, que se trasladará á entidade ou entidades en que se transforme, quede fusionada ou absorbida e se estenderá á entidade ou entidades que resulten da escisión. O xuíz ou tribunal poderá moderar o traslado da pena á persoa xurídica en función da proporción que a persoa xurídica orixinariamente responsable do delito garde con ela.

Non extingue a responsabilidade penal a disolución encuberta ou simplemente aparente da persoa xurídica. Considerarase, en todo caso, que existe disolución encuberta ou simplemente aparente da persoa xurídica cando se continúe a súa actividade económica e se manteña a identidade substancial de clientes, provedores e empregados, ou da parte máis relevante de todos eles.»

Trixésimo terceiro.

Modifícase o parágrafo cuarto e suprímese o parágrafo quinto do número 1, modifícase o número 4 e engádese un número 5 ao artigo 131, que quedan redactados como segue:

«1. Os delitos prescriben:

[...]

Aos cinco, os demais delitos, excepto os de inxuria e calumnia, que prescriben ao ano.

4. Os delitos de lesa humanidade e de xenocidio e os delitos contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado, salvo os castigados no artigo 614, non prescribirán en ningún caso.

Tampouco prescribirán os delitos de terrorismo, se causaron a morte dunha persoa.

5. Nos supostos de concurso de infraccións ou de infraccións conexas, o prazo de prescrición será o que corresponda ao delito máis grave.»

Trixésimo cuarto.

Modifícase o número 2 do artigo 132, que queda redactado como segue:

«2. A prescrición interromperase, e quedará sen efecto o tempo transcorrido, cando o procedemento se dirixa contra a persoa indiciariamente responsable do

delito ou falta; comezará a correr de novo desde que se paralice o procedemento ou termine sen condena de acordo coas regras seguintes:

1.^a Entenderase dirixido o procedemento contra unha persoa determinada desde o momento en que, ao incoar a causa ou con posterioridade, se dite resolución xudicial motivada na cal se lle atribúa a súa presunta participación nun feito que poida ser constitutivo de delito ou falta.

2.^a Non obstante o anterior, a presentación de querela ou a denuncia formulada perante un órgano xudicial, en que se atribúa a unha persoa determinada a súa presunta participación nun feito que poida ser constitutivo de delito ou falta, suspenderá o cómputo da prescrición por un prazo máximo de seis meses para o caso de delito e de dous meses para o caso de falta, contado desde a mesma data de presentación da querela ou de formulación da denuncia.

Se dentro do dito prazo se dita contra o querelado ou denunciado, ou contra calquera outra persoa implicada nos feitos, algunha das resolucións xudiciais mencionadas no número anterior, a interrupción da prescrición entenderase retroactivamente producida, para todos os efectos, na data de presentación da querela ou denuncia.

Polo contrario, o cómputo do prazo de prescrición continuará desde a data de presentación da querela ou denuncia se, dentro do prazo de seis ou dous meses, nos respectivos supostos de delito ou falta, recae resolución xudicial firme de inadmisión a trámite da querela ou denuncia ou pola que se acorde non dirixir o procedemento contra a persoa querelada ou denunciada. A continuación do cómputo producirase tamén se, dentro dos ditos prazos, o xuíz de instrución non adopta ningunha das resolucións previstas neste artigo.

3.^a Para os efectos deste artigo, a persoa contra a cal se dirixe o procedemento deberá quedar suficientemente determinada na resolución xudicial, xa sexa mediante a súa identificación directa ou mediante datos que permitan concretar posteriormente a dita identificación no seo da organización ou grupo de persoas ás cales se atribúa o feito.»

Trixésimo quinto.

Modifícase o número 2 do artigo 133, que queda redactado como segue:

«2. As penas impostas polos delitos de lesa humanidade e de xenocidio e polos delitos contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado, salvo os castigados no artigo 614, non prescribirán en ningún caso.

Tampouco prescribirán as penas impostas por delitos de terrorismo, se estes causaron a morte dunha persoa.»

Trixésimo sexto.

Engádesse o artigo 156 bis, que terá a seguinte redacción:

«1. Os que promovan, favorezan, faciliten ou publiciten a obtención ou o tráfico ilegal de órganos humanos alleos ou o transplante destes serán castigados coa pena de prisión de seis a doce anos se se trata dun órgano principal, e de prisión de tres a seis anos se o órgano é non principal.

2. Se o receptor do órgano consente a realización do transplante coñecendo a súa orixe ilícita será castigado coas mesmas penas que no número anterior, que poderán ser rebaixadas nun ou dous graos atendendo ás circunstancias do feito e do culpable.

3. Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos neste artigo, imporáselle a pena de multa do triplo ao quántuplo do beneficio obtido.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Trixésimo sétimo.

Engádese un terceiro parágrafo ao número 1 do artigo 172, coa seguinte redacción:

«Tamén se imporán as penas na súa metade superior cando a coacción exercida teña por obxecto impedir o lexítimo desfrute da vivenda.»

Trixésimo oitavo.

Engádense un segundo e un terceiro parágrafo ao número 1 do artigo 173, coa seguinte redacción:

«Coa mesma pena serán castigados os que, no ámbito de calquera relación laboral ou funcionarial e aproveitándose da súa relación de superioridade, realicen contra outro de forma reiterada actos hostís ou humillantes que, sen chegaren a constituír trato degradante, supoñan grave acoso contra a vítima.

Imporase tamén a mesma pena ao que de forma reiterada leve a cabo actos hostís ou humillantes que, sen chegaren a constituír trato degradante, teñan por obxecto impedir o lexítimo desfrute da vivenda.»

Trixésimo noveno.

Créase o título VII bis dentro do libro II, que comprende o artigo 177 bis e terá a seguinte rúbrica:

«TÍTULO VII bis

Do tráfico de seres humanos»

Cuadraxésimo.

Engádese o artigo 177 bis, que terá a seguinte redacción:

«1. Será castigado coa pena de cinco a oito anos de prisión como reo de tráfico de seres humanos o que, sexa en territorio español, sexa desde España, en tránsito ou con destino a ela, empregando violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou de vulnerabilidade da vítima nacional ou estranxeira, a capte, transporte, traslade, acolla, reciba ou a aloxe con calquera das finalidades seguintes:

- a) A imposición de traballo ou servizos forzados, a escravitude ou prácticas similares á escravitude ou á servidume ou á mendicidade.
- b) A explotación sexual, incluída a pornografía.
- c) A extracción dos seus órganos corporais.

2. Aínda que non se recorra a ningún dos medios enunciados no número anterior, considerarase tráfico de seres humanos calquera das accións indicadas no número anterior cando se leve a cabo respecto de menores de idade con fins de explotación.

3. O consentimento dunha vítima de tráfico de seres humanos será irrelevante cando se recorre a algún dos medios indicados no punto primeiro deste artigo.

4. Imporase a pena superior en grao á prevista no punto primeiro deste artigo cando:

- a) Con ocasión do tráfico se poña a vítima en grave perigo;
- b) a vítima sexa menor de idade;

c) a vítima sexa especialmente vulnerable por razón de enfermidade, discapacidade ou situación.

De concorrer máis dunha circunstancia, imponse a pena na súa metade superior.

5. Imponse a pena superior en grao á prevista no número 1 deste artigo e inhabilitación absoluta de seis a doce anos aos que realicen os feitos aproveitándose da súa condición de autoridade, axente desta ou funcionario público. De concorrer, ademais, algunha das circunstancias previstas no número 4 deste artigo imponse as penas na súa metade superior.

6. Imponse a pena superior en grao á prevista no número 1 deste artigo e inhabilitación especial para profesión, oficio, industria ou comercio polo tempo da condena, cando o culpable pertenza a unha organización ou asociación de máis de dúas persoas, mesmo de carácter transitorio, que se dedique á realización de tales actividades. De concorrer algunha das circunstancias previstas no número 4 deste artigo imponse as penas na metade superior. De concorrer a circunstancia prevista no número 5 deste artigo imponse as penas sinaladas neste na súa metade superior.

Cando se trate dos xefes, administradores ou encargados das ditas organizacións ou asociacións, aplicaráselles a pena na súa metade superior, que se poderá elevar á inmediatamente superior en grao. En todo caso, elevarase a pena á inmediatamente superior en grao se concorre algunha das circunstancias previstas no número 4 ou a circunstancia prevista no número 5 deste artigo.

7. Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos neste artigo, imporáselle a pena de multa do triplo ao quántuplo do beneficio obtido. Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.

8. A provocación, a conspiración e a proposición para cometer o delito de tráfico de seres humanos serán castigadas coa pena inferior nun ou dous graos á do delito correspondente.

9. En todo caso, as penas previstas neste artigo imponse sen prexuízo das que correspondan, de ser o caso, polo delito do artigo 318 bis deste código e demais delitos efectivamente cometidos, incluídos os constitutivos da correspondente explotación.

10. As condenas de xuíces ou tribunais estranxeiros por delitos da mesma natureza que os previstos neste artigo producirán os efectos de reincidencia, salvo que o antecedente penal fose cancelado ou poida selo de acordo co dereito español.

11. Sen prexuízo da aplicación das regras xerais deste código, a vítima de tráfico de seres humanos quedará exenta de pena polas infraccións penais que cometese na situación de explotación sufrida, sempre que a súa participación nelas fose consecuencia directa da situación de violencia, intimidación, engano ou abuso a que fose sometida e que exista unha adecuada proporcionalidade entre a dita situación e o feito criminal realizado.»

Cuadraxésimo primeiro.

Modifícase o artigo 178, que queda redactado como segue:

«O que atente contra a liberdade sexual doutra persoa, utilizando violencia ou intimidación, será castigado como responsable de agresión sexual coa pena de prisión dun a cinco anos.»

Cuadraxésimo segundo.

Modifícase o parágrafo primeiro e a circunstancia 3.^a do número 1 do artigo 180, que quedan redactados como segue:

«1. As anteriores condutas serán castigadas coas penas de prisión de cinco a dez anos para as agresións do artigo 178, e de doce a quince anos para as do artigo 179, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

[...]

3.^a Cando a vítima sexa especialmente vulnerable, por razón da súa idade, enfermidade, discapacidade ou situación, salvo o disposto no artigo 183.»

Cuadraxésimo terceiro.

No artigo 181, modifícase o número 2, o número 4 pasa a ser 5 e engádese un número 4 novo, que quedan redactados como segue:

«2. Para os efectos do número anterior, considéranse abusos sexuais non consentidos os que se executen sobre persoas que se achen privadas de sentido ou de cuxo trastorno mental se abuse, así como os que se cometan anulando a vontade da vítima mediante o uso de fármacos, drogas ou calquera outra substancia natural ou química idónea para tal efecto.

4. En todos os casos anteriores, cando o abuso sexual consista en acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introdución de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas primeiras vías, o responsable será castigado coa pena de prisión de catro a dez anos.»

Cuadraxésimo cuarto.

Modifícase o artigo 182, que queda redactado como segue:

«1. O que, intervindo engano, realice actos de carácter sexual con persoa maior de trece anos e menor de dezaseis, será castigado coa pena de prisión dun a dous anos, ou multa de doce a vinte e catro meses.

2. Cando os actos consistan en acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introdución de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas primeiras vías, a pena será de prisión de dous a seis anos. A pena imporase na súa metade superior se concorre a circunstancia 3.^a, ou a 4.^a, das previstas no artigo 180.1 deste código.»

Cuadraxésimo quinto.

Engádese un novo capítulo II bis ao título VIII do libro II do Código penal, denominado «Dos abusos e agresións sexuais a menores de trece anos», que abrangue os artigos 183 e 183 bis.

Cuadraxésimo sexto.

Modifícase o artigo 183, que queda redactado como segue:

«1. O que realice actos que atenten contra a indemnidade sexual dun menor de trece anos será castigado como responsable de abuso sexual a un menor coa pena de prisión de dous a seis anos.

2. Cando o ataque se produza con violencia ou intimidación o responsable será castigado polo delito de agresión sexual a un menor coa pena de cinco a dez anos de prisión.

3. Cando o ataque consista en acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introdución de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas primeiras vías,

o responsable será castigado coa pena de prisión de oito a doce anos, no caso do número 1 e coa pena de doce a quince anos, no caso do número 2.

4. As condutas previstas nos tres números anteriores serán castigadas coa pena de prisión correspondente na súa metade superior cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando o escaso desenvolvemento intelectual ou físico da vítima a tivese colocado nunha situación de total indefensión e, en todo caso, cando sexa menor de catro anos.

b) Cando os feitos se cometan pola actuación conxunta de dúas ou máis persoas.

c) Cando a violencia ou intimidación exercidas revistan un carácter particularmente degradante ou vexatorio.

d) Cando, para a execución do delito, o responsable se aproveitase dunha relación de superioridade ou parentesco, por ser ascendente, ou irmán, por natureza ou adopción, ou afíns, coa vítima.

e) Cando o autor puxese en perigo a vida do menor.

f) Cando a infracción se cometese no seo dunha organización ou dun grupo criminais que se dediquen á realización de tales actividades.

5. En todos os casos previstos neste artigo, cando o culpable se tiver aproveitado da súa condición de autoridade, axente desta ou funcionario público, aplicarase, ademais, a pena de inhabilitación absoluta de seis a doce anos.»

Cuadraxésimo sétimo.

Engádesse un novo artigo 183 bis, que terá a seguinte redacción:

«O que a través da internet, do teléfono ou de calquera outra tecnoloxía da información e a comunicación contacte cun menor de trece anos e propoña concertar un encontro con este a fin de cometer calquera dos delitos descritos nos artigos 178 a 183 e 189, sempre que tal proposta vaia acompañada de actos materiais encamiñados ao achegamento, será castigado coa pena dun a tres anos de prisión ou multa de doce a vinte e catro meses, sen prexuízo das penas correspondentes aos delitos, de ser o caso, cometidos. As penas imporanse na súa metade superior cando o achegamento se obteña mediante coacción, intimidación ou engano».

Cuadraxésimo oitavo.

Os actuais números 2 e 3 do artigo 187 pasan a ser números 3 e 4, modifícase o número 1 e engádense dous novos números 2 e 5, que quedan redactados como segue:

«1. O que induza, promova, favoreza ou facilite a prostitución dunha persoa menor de idade ou incapaz será castigado coas penas dun a cinco anos e multa de doce a vinte e catro meses. A mesma pena se lle imporá a aquel que solicite, acepte ou obteña, a cambio dunha remuneración ou promesa, unha relación sexual con persoa menor de idade ou incapaz.

2. O que realice as condutas descritas no número 1 deste artigo sendo a vítima menor de trece anos será castigado coa pena de prisión de catro a seis anos.

5. As penas sinaladas imporanse, nos seus respectivos casos, sen prexuízo das que correspondan polas infraccións contra a liberdade ou indemnidade sexual cometidas sobre os menores e incapaces.»

Cuadraxésimo noveno.

O actual número 4 pasa a ser número 5 e modifícanse os números 2, 3 e 4 do artigo 188, que quedan redactados como segue:

«2. Se as mencionadas condutas se realizan sobre persoa menor de idade ou incapaz, para iniciala ou mantela nunha situación de prostitución, imporáselle ao responsable a pena de prisión de catro a seis anos.

3. O que leve a cabo a conduta prevista no número anterior sendo a vítima menor de trece anos será castigado coa pena de prisión de cinco a dez anos.

4. Imporanse as penas previstas nos números anteriores na súa metade superior, nos seus respectivos casos, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando o culpable se aproveitase da súa condición de autoridade, axente desta ou funcionario público. Neste caso aplicarase, ademais, a pena de inhabilitación absoluta de seis a doce anos.

b) Cando o culpable pertenza a unha organización ou grupo criminais que se dediquen á realización de tales actividades.

c) Cando o culpable poña en perigo, de forma dolosa ou por imprudencia grave, a vida ou a saúde da vítima.»

Quincuaxésimo.

Suprímese o número 8 do artigo 189 e modifícanse o primeiro parágrafo e as alíneas a) e b) do número 1 e o primeiro parágrafo do número 3, que quedan redactados como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos:

a) O que capte ou utilice menores de idade ou a incapaces con fins ou en espectáculos exhibicionistas ou pornográficos, tanto públicos como privados, ou para elaborar calquera clase de material pornográfico, calquera que sexa o seu soporte, ou financie calquera destas actividades ou se lucre con elas.

b) O que produza, venda, distribúa, exhiba, ofrezca ou facilite a produción, venda, difusión ou exhibición por calquera medio de material pornográfico en cuxa elaboración fosen utilizados menores de idade ou incapaces, ou o posúa para estes fins, aínda que o material teña a súa orixe no estranxeiro ou sexa descoñecido.

3. Serán castigados coa pena de prisión de cinco a nove anos os que realicen os actos previstos no número 1 deste artigo cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

[...]

8. (Suprimido)».

Quincuaxésimo primeiro.

Engádese un artigo 189 bis, que terá a seguinte redacción:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos neste capítulo, imporáselle as seguintes penas:

a) Multa do triplo ao quántuplo do beneficio obtido, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.

b) Multa do dobre ao quádruplo do beneficio obtido, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de dous anos non incluída no anterior inciso.

c) Multa do dobre ao triplo do beneficio obtido, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Quincuaxésimo segundo.

Os números 1 e 2 do artigo 192 pasan a ser os números 2 e 3 do mesmo artigo, engádesse un número 1 novo e modifícase o resultante número 3, que quedan redactados como segue:

«1. Aos condenados a pena de prisión por un ou máis delitos comprendidos neste título imporáselles ademais a medida de liberdade vixiada, que se executará con posterioridade á pena privativa de liberdade. A duración da dita medida será de cinco a dez anos, se algún dos delitos é grave, e dun a cinco anos, se se trata dun ou máis delitos menos graves. Neste último caso, cando se trate dun só delito cometido por un delincente primario, o tribunal poderá impor ou non a medida de liberdade vixiada en atención á menor perigosidade do autor.

2. [...]

3. O xuíz ou tribunal poderá impor razoadamente, ademais, a pena de inhabilitación especial para o exercicio dos dereitos da patria potestade, tutela, curatela, garda, emprego ou cargo público ou exercicio da profesión ou oficio, polo tempo de seis meses a seis anos, ou ben a privación da patria potestade.»

Quincuaxésimo terceiro.

No artigo 197 introdúcese un novo número 3, pasando os actuais números 3, 4, 5 e 6 a ser os números 4, 5, 6 e 7, e engádesse un número 8, coa seguinte redacción:

«3. O que por calquera medio ou procedemento, e vulnerando as medidas de seguridade establecidas para impedilo, acceda sen autorización a datos ou programas informáticos contidos nun sistema informático ou en parte del ou se manteña dentro del en contra da vontade de quen teña o lexítimo dereito a excluílo, será castigado con pena de prisión de seis meses a dous anos.

Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos neste artigo, imporáselle a pena de multa de seis meses a dous anos. Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.

[...]

8. Se os feitos descritos nos números anteriores se cometen no seo dunha organización ou grupo criminais, aplicaranse respectivamente as penas superiores en grao.»

Quincuaxésimo cuarto.

Modifícase o número 3 do artigo 201, que terá a seguinte redacción:

«3. O perdón do ofendido ou do seu representante legal, de ser o caso, extingue a acción penal, sen prexuízo do disposto no segundo parágrafo do ordinal 5.º do número 1 do artigo 130.»

Quincuaxésimo quinto.

Modifícase o número 3 do artigo 215, que terá a seguinte redacción:

«3. O perdón do ofendido ou do seu representante legal, de ser o caso, extingue a acción penal sen prexuízo do disposto no segundo parágrafo do ordinal 5.º do número 1 do artigo 130 deste código.»

Quincuaxésimo sexto.

Modifícase o artigo 234, que queda redactado como segue:

«O que, con ánimo de lucro, tome as cousas mobles alleas sen a vontade do seu dono será castigado, como reo de furto, coa pena de prisión de seis a dezaoto meses se a contía do subtraído excede 400 euros.

Coa mesma pena será castigado o que no prazo dun ano realice tres veces a acción descrita no número 1 do artigo 623 deste código, sempre que a suma acumulada das infraccións sexa superior ao mínimo da referida figura do delito.»

Quincuaxésimo sétimo.

Modifícase o artigo 235, que queda redactado como segue:

«O furto será castigado coa pena de prisión dun a tres anos:

1.º Cando se subtraian cousas de valor artístico, histórico, cultural ou científico.

2.º Cando se trate de cousas de primeira necesidade ou destinadas a un servizo público, sempre que a subtracción ocasione un grave quebranto a este ou unha situación de desabastecemento.

3.º Cando revista especial gravidade, atendendo ao valor dos efectos subtraídos, ou se produzan prexuízos de especial consideración.

4.º Cando poña a vítima ou a súa familia en grave situación económica ou se realizase abusando das circunstancias persoais da vítima.

5.º Cando se utilicen menores de catorce anos para a comisión do delito.»

Quincuaxésimo oitavo.

Modifícase o artigo 239, que queda redactado como segue:

«Consideraranse chaves falsas:

1. As ganzúas ou outros instrumentos análogos.

2. As chaves lexítimas perdidas polo propietario ou obtidas por un medio que constituía infracción penal.

3. Calquera outra que non sexa a destinada polo propietario para abrir a pechadura violentada polo reo.

Para os efectos deste artigo, considéranse chaves as tarxetas, magnéticas ou perforadas, os mandos ou instrumentos de apertura a distancia e calquera outro instrumento tecnolóxico de eficacia similar.»

Quincuaxésimo noveno.

Modifícase o artigo 242, que queda redactado como segue:

«1. O culpable de roubo con violencia ou intimidación nas persoas será castigado coa pena de prisión de dous a cinco anos, sen prexuízo da que poida corresponder aos actos de violencia física que realice.

2. Cando o roubo se cometa en casa habitada ou en calquera das súas dependencias, imporase a pena de prisión de tres anos e seis meses a cinco anos.

3. As penas sinaladas nos números anteriores imporanse na súa metade superior cando o delincente faga uso de armas ou outros medios igualmente perigosos, sexa ao cometer o delito ou para protexer a fuxida, e cando ataque os que acudan en auxilio da vítima ou os que o persigan.

4. En atención á menor entidade da violencia ou intimidación exercidas e valorando ademais as restantes circunstancias do feito, poderase impor a pena inferior en grao á prevista nos números anteriores.»

Sesaxésimo.

Modifícase o número 1 do artigo 245, que queda redactado como segue:

«1. Ao que con violencia ou intimidación nas persoas ocupe unha cousa inmovible ou usurpe un dereito real inmobiliario de pertenza allea, imporáselle, ademais das penas en que incorra polas violencias exercidas, a pena de prisión dun a dous anos, que se fixará tendo en conta a utilidade obtida e o dano causado.»

Sesaxésimo primeiro.

Modifícase o artigo 248, que queda redactado como segue:

«1. Cometen estafa os que, con ánimo de lucro, utilicen engano bastante para producir erro noutro, inducíndoo a realizar un acto de disposición en prexuízo propio ou alleo.

2. Tamén se consideran reos de estafa:

a) Os que, con ánimo de lucro e valéndose dalgunha manipulación informática ou artificio semellante, consigan unha transferencia non consentida de calquera activo patrimonial en prexuízo doutro.

b) Os que fabriquen, introduzan, posúan ou faciliten programas informáticos especificamente destinados á comisión das estafas previstas neste artigo.

c) Os que utilizando tarxetas de crédito ou débito, ou cheques de viaxe, ou os datos que figuran en calquera deles, realicen operacións de calquera clase en prexuízo do seu titular ou dun terceiro.»

Sesaxésimo segundo.

Modifícase o artigo 250, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O delito de estafa será castigado coas penas de prisión dun ano a seis anos e multa de seis a doce meses, cando:

1.º Reaia sobre cousas de primeira necesidade, vivendas ou outros bens de recoñecida utilidade social.

2.º Se perpetre abusando de sinatura doutro, ou subtraendo, ocultando ou inutilizando, en todo ou en parte, algún proceso, expediente, protocolo ou documento público ou oficial de calquera clase.

3.º Reaia sobre bens que integren o patrimonio artístico, histórico, cultural ou científico.

4.º Revista especial gravidade, atendendo á entidade do prexuízo e á situación económica en que deixe a vítima ou a súa familia.

5.º Cando o valor da defraudación supere os 50.000 euros.

6.º Se cometa abuso das relacións persoais existentes entre vítima e defraudador, ou este aproveite a súa credibilidade empresarial ou profesional.

7.º Se cometa estafa procesual. Incorren nela os que, nun procedemento xudicial de calquera clase, manipulen as probas en que pretendan fundar as súas alegacións ou empreguen outra fraude procesual análoga, provocando erro no xuíz ou tribunal e levándoo a ditar unha resolución que prexudique os intereses económicos da outra parte ou dun terceiro.

2. Se concorren as circunstancias 4.ª, 5.ª ou 6.ª coa 1.ª do número anterior, imporanse as penas de prisión de catro a oito anos e multa de doce a vinte e catro meses.»

Sesaxésimo terceiro.

Engádesse o artigo 251 bis, que terá a seguinte redacción:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos nesta sección, imporánselle as seguintes penas:

- a) Multa do triplo ao quíntuplo da cantidade defraudada, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.
- b) Multa do dobre ao cuádruplo da cantidade defraudada, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Sesaxésimo cuarto.

O número 3 do artigo 257 pasa a ser número 5, e engádense dous novos números 3 e 4 ao dito artigo, que quedan redactados como segue:

«3. No caso de que a débeda ou obriga que se trate de eludir sexa de dereito público e a acreedora sexa unha persoa xurídica pública, a pena que se imporá será dun a seis anos e multa de doce a vinte e catro meses.

4. As penas previstas neste artigo imporanse na súa metade superior nos supostos previstos nos ordinais 1.º, 4.º e 5.º do número primeiro do artigo 250.»

Sesaxésimo quinto.

Engádesse o artigo 261 bis, que terá a seguinte redacción:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos neste capítulo, imporánselle as seguintes penas:

- a) Multa de dous a cinco anos, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.
- b) Multa dun a tres anos, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de dous anos non incluída no inciso anterior.
- c) Multa de seis meses a dous anos, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Sesaxésimo sexto.

O actual contido do artigo 263 pasa a ser o número 1 do dito artigo e engádesse un número 2, que queda redactado como segue:

«2. Será castigado coa pena de prisión dun a tres anos e multa de doce a vinte e catro meses o que cause danos expresados no número anterior, se concorre algún dos supostos seguintes:

1.º Que se realicen para impedir o libre exercicio da autoridade ou como consecuencia de accións executadas no exercicio das súas funcións, ben se cometa o delito contra funcionarios públicos, ben contra particulares que, como testemuñas ou de calquera outra maneira, contribuísen ou poidan contribuír á execución ou aplicación das leis ou disposicións xerais.

2.º Que se cause por calquera medio, infección ou contaxio de gando.

3.º Que se empreguen substancias venenosas ou corrosivas.

4.º Que afecten bens de dominio ou uso público ou comunal.

5.º Que arruinen o prexudicado ou o coloquen en grave situación económica.»

Sesaxésimo sétimo.

Modifícase o artigo 264, que queda redactado como segue:

«1. O que por calquera medio, sen autorización e de maneira grave borre, dane, deteriore, altere, suprima, ou faga inaccesibles datos, programas informáticos ou documentos electrónicos alleos, cando o resultado producido sexa grave, será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos.

2. O que por calquera medio, sen estar autorizado e de maneira grave, obstaculice ou interrompa o funcionamento dun sistema informático alleo, introducindo, transmitindo, danando, borrando, deteriorando, alterando, suprimindo ou facendo inaccesibles datos informáticos, cando o resultado producido sexa grave, será castigado, coa pena de prisión de seis meses a tres anos.

3. Imporanse as penas superiores en grao ás respectivamente sinaladas nos dous números anteriores e, en todo caso, a pena de multa do tanto ao décuplo do prexuízo ocasionado, cando nas condutas descritas conorra algunha das seguintes circunstancias:

1.º Que se cometese no marco dunha organización criminal.

2.º Que ocasionase danos de especial gravidade ou afectase os intereses xerais.

4. Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos neste artigo, imporánselle as seguintes penas:

a) Multa do dobre ao cuádruplo do prexuízo causado, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de dous anos.

b) Multa do dobre ao triplo do prexuízo causado, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Sesaxésimo oitavo.

Modifícase o parágrafo terceiro do artigo 267, que terá a seguinte redacción:

«Nestes casos, o perdón do ofendido ou do seu representante legal, de ser o caso, extingue a acción penal, sen prexuízo do disposto no segundo parágrafo do ordinal 5.º do número 1 do artigo 130 deste código.»

Sesaxésimo noveno.

Engádese un parágrafo segundo ao número 1 do artigo 270, que terá a seguinte redacción:

«Non obstante, nos casos de distribución ao retallo, atendidas as características do culpable e a reducida contía do beneficio económico, sempre que non conorra ningunha das circunstancias do artigo seguinte, o xuíz poderá impor a pena de multa de tres a seis meses ou traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a sesenta días. Nos mesmos supostos, cando o beneficio non exceda os 400 euros, castigarase o feito como falta do artigo 623.5.»

Septuaxésimo.

Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 274, que quedan redactados como segue:

«1. Será castigado coas penas de seis meses a dous anos de prisión e multa de doce a vinte e catro meses o que, con fins industriais ou comerciais, sen consentimento do titular dun dereito de propiedade industrial rexistrado conforme a lexislación de marcas e con coñecemento do rexistro, reproduza, imite, modifique ou de calquera outro modo usurpe un signo distintivo idéntico ou confundible con aquel, para distinguir os mesmos ou similares produtos, servizos, actividades ou establecementos para os que o dereito de propiedade industrial se encontre rexistrado. Igualmente, incorrerán na mesma pena os que importen estes produtos.

2. As mesmas penas se lle imporán a aquel que, a sabendas, posúa para a súa comercialización ou poña no comercio, produtos ou servizos con signos distintivos que, de acordo co número 1 deste artigo, supoñen unha infracción dos dereitos exclusivos do seu titular, aínda que se trate de produtos importados.

Non obstante, nos casos de distribución a retallo, atendidas as características do culpable e a reducida contía do beneficio económico, sempre que non concorra ningunha das circunstancias do artigo 276, o xuíz poderá impor a pena de multa de tres a seis meses ou traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a sesenta días. Nos mesmos supostos, cando o beneficio non exceda os 400 euros, castigarase o feito como falta do artigo 623.5.»

Septuaxésimo primeiro.

Engádesse o artigo 282 bis, que terá a seguinte redacción:

«Os que, como administradores de feito ou de dereito dunha sociedade emisora de valores negociados nos mercados de valores, falseen a información económico-financeira contida nos folletos de emisión de calquera instrumento financeiro ou as informacións que a sociedade debe publicar e difundir conforme a lexislación do mercado de valores sobre os seus recursos, actividades e negocios presentes e futuros, co propósito de captar investidores ou depositantes, colocar calquera tipo de activo financeiro, ou obter financiamento por calquera medio, serán castigados coa pena de prisión dun a catro anos, sen prexuízo do disposto no artigo 308 deste código.

No suposto de que se chegue a obter o investimento, o depósito, a colocación do activo ou o financiamento, con prexuízo para o investidor, depositante, adquirente dos activos financeiros ou acredor, imporase a pena na metade superior. Se o prexuízo causado é de notoria gravidade, a pena que se imporá será dun a seis anos de prisión e multa de seis a doce meses.»

Septuaxésimo segundo.

Modifícase o artigo 284, que queda redactado como segue:

«Imporase a pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de doce a vinte e catro meses a aqueles que:

1.º Empregando violencia, ameaza ou engano, intenten alterar os prezos que deberían resultar da libre concorrència de produtos, mercadorías, títulos valores ou instrumentos financeiros, servizos ou calquera outra cousa moble ou inmoble que sexa obxecto de contratación, sen prexuízo da pena que lles poida corresponder por outros delitos cometidos.

2.º Difundan noticias ou rumores, por si ou a través dun medio de comunicación, sobre persoas ou empresas en que a sabendas se ofrezan datos económicos total ou parcialmente falsos co fin de alterar ou preservar o prezo de cotización dun valor ou instrumento financeiro, obtendo para si ou para terceiro un beneficio económico superior aos 300.000 euros ou causando un prexuízo de idéntica cantidade.

3.º Utilizando información privilexiada, realicen transaccións ou dean ordes de operación susceptibles de proporcionar indicios enganosos sobre a oferta, a demanda ou o prezo de valores ou instrumentos financeiros, ou se aseguren utilizando a mesma información, por si ou en concerto con outros, unha posición dominante no mercado dos ditos valores ou instrumentos coa finalidade de fixar os seus prezos en niveis anormais ou artificiais.

En todo caso, imporase a pena de inhabilitación dun a dous anos para intervir no mercado financeiro como actor, axente ou mediador ou informador.»

Septuaxésimo terceiro.

A sección 4.ª do capítulo XI do título XIII do libro II pasa a ser a sección 5.ª do mesmo capítulo, título e libro, e introdúcese unha sección 4.ª coa seguinte rúbrica:

«Sección 4.ª Da corrupción entre particulares»

Septuaxésimo cuarto.

Intégrase como artigo único da sección 4.ª do capítulo XI do título XIII do libro II o artigo 286 bis, que queda redactado como segue:

«1. Quen por si mesmo ou por persoa interposta prometa, ofrezca ou conceda a directivos, administradores, empregados ou colaboradores dunha empresa mercantil ou dunha sociedade, asociación, fundación ou organización un beneficio ou vantaxe de calquera natureza non xustificadas para que o favoreza a el ou un terceiro fronte a outros, incumprindo as súas obrigas na adquisición ou venda de mercadorías ou na contratación de servizos profesionais, será castigado coa pena de prisión de seis meses a catro anos, inhabilitación especial para o exercicio de industria ou comercio por tempo dun a seis anos e multa do tanto ao triplo do valor do beneficio ou vantaxe.

2. Coas mesmas penas será castigado o directivo, administrador, empregado ou colaborador dunha empresa mercantil, ou dunha sociedade, asociación, fundación ou organización que, por si ou por persoa interposta, reciba, solicite ou acepte un beneficio ou vantaxe de calquera natureza non xustificadas co fin de favorecer fronte a terceiros a quen lle outorga ou do que espera o beneficio ou vantaxe, incumprindo as súas obrigas na adquisición ou venda de mercadorías ou na contratación de servizos profesionais.

3. Os xuíces e tribunais, en atención á contía do beneficio ou ao valor da vantaxe, e á transcendencia das funcións do culpable, poderán impor a pena inferior en grao e reducir a de multa ao seu prudente arbitrio.

4. O disposto neste artigo será aplicable, nos seus respectivos casos, aos directivos, administradores, empregados ou colaboradores dunha entidade deportiva, calquera que sexa a forma xurídica desta, así como aos deportistas, árbitros ou xuíces, respecto daquelas condutas que teñan por finalidade predeterminar ou alterar de maneira deliberada e fraudulenta o resultado dunha proba, encontro ou competición deportiva profesionais.»

Septuaxésimo quinto.

Modifícase o artigo 287, que queda redactado como segue:

«1. Para proceder polos delitos previstos na sección 3.ª deste capítulo, excepto os previstos nos artigos 284 e 285, será necesaria denuncia da persoa agraviada ou dos seus representantes legais. Cando aquela sexa menor de idade, incapaz ou unha persoa desvalida, tamén o Ministerio Fiscal poderá denunciar.

2. Non será precisa a denuncia exixida no número anterior cando a comisión do delito afecte os intereses xerais ou unha pluralidade de persoas.»

Septuaxésimo sexto.

Modifícase o artigo 288, que queda redactado como segue:

«Nos supostos previstos nos artigos anteriores dispórase a publicación da sentenza nos periódicos oficiais e, se o solicita o prexudicado, o xuíz ou tribunal poderá ordenar a súa reprodución total ou parcial en calquera outro medio informativo, á custa do condenado.

Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste capítulo, imporánselle as seguintes penas:

1. No caso dos delitos previstos nos artigos 270, 271, 273, 274, 275, 276, 283, 285 e 286:

a) Multa do dobre ao cuádruplo do beneficio obtido ou favorecido, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de dous anos.

b) Multa do dobre ao triplo do beneficio obtido ou favorecido, no resto dos casos.

No caso dos delitos previstos nos artigos 277, 278, 279, 280, 281, 282, 282 bis e 286 bis:

a) Multa dun a tres anos, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de máis de dous anos de privación de liberdade.

b) Multa de seis meses a dous anos, no resto dos casos.

2. Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Septuaxésimo sétimo.

Modifícase a rúbrica do capítulo XIV, do título XIII, do libro II, que queda redactada da seguinte forma:

«CAPÍTULO XIV

Da receptación e o branqueo de capitais»

Septuaxésimo oitavo.

Modifícase o número 1 do artigo 301, que queda redactado como segue:

«1. O que adquira, posúa, utilice, converta, ou transmita bens, sabendo que estes teñen a súa orixe nunha actividade delituosa, cometida por el ou por calquera terceira persoa, ou realice calquera outro acto para ocultar ou encubrir a súa orixe ilícita, ou para axudar a persoa que participase na infracción ou infraccións a eludir as consecuencias legais dos seus actos, será castigado coa pena de prisión de seis meses a seis anos e multa do tanto ao triplo do valor dos bens. Nestes casos, os xuíces ou tribunais, atendendo á gravidade do feito e ás circunstancias persoais do delincente, poderán impor tamén a este a pena de inhabilitación especial para o exercicio da súa profesión ou industria por tempo dun a tres anos, e acordar a medida de clausura temporal ou definitiva do establecemento ou local. Se a clausura é temporal, a súa duración non poderá exceder os cinco anos.

A pena impórse na súa metade superior cando os bens teñan a súa orixe nalgún dos delitos relacionados co tráfico de drogas tóxicas, estupefacientes ou

substancias psicotrópicas descritos nos artigos 368 a 372 deste código. Nestes supostos aplicaranse as disposicións contidas no artigo 374 deste código.

Tamén se imporá a pena na súa metade superior cando os bens teñan a súa orixe nalgún dos delitos comprendidos nos capítulos V, VI, VII, VIII, IX e X do título XIX ou nalgún dos delitos do capítulo I do título XVI.»

Septuaxésimo noveno.

Modifícase o número 2 do artigo 302, que queda redactado como segue:

«2. En tales casos, cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, sexa responsable unha persoa xurídica, imporánselle as seguintes penas:

a) Multa de dous a cinco anos, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.

b) Multa de seis meses a dous anos, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Octoxésimo.

Modifícase o parágrafo primeiro do número 1 e engádesse un número 5 ao artigo 305, que quedan redactados como segue:

«1. O que, por acción ou omisión, defraude a Facenda pública estatal, autonómica, foral ou local, eludindo o pagamento de tributos, cantidades retidas ou que deberían ter sido retidas ou ingresos á conta de retribucións en especie obtendo indebidamente devolucións ou desfrutando beneficios fiscais da mesma forma, sempre que a contía da cota defraudada, o importe non ingresado das retencións ou ingresos á conta ou das devolucións ou beneficios fiscais indebidamente obtidos ou desfrutados exceda de cento vinte mil euros, será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos e multa do tanto ao séxtuplo da citada contía.

[...]

5. Nos procedementos polo delito recollido neste artigo, para a execución da pena de multa e a responsabilidade civil, que comprenderá o importe da débeda tributaria que a Administración tributaria non puidese liquidar por prescrición ou outra causa legal nos termos previstos na Lei xeral tributaria, incluídos os seus xuros de demora, os xuíces e tribunais solicitarán o auxilio dos servizos da Administración tributaria, que as exixirá polo procedemento administrativo de constrinximento nos termos establecidos na citada lei.»

Octoxésimo primeiro.

Modifícase o artigo 306, que queda redactado como segue:

«O que por acción ou omisión defraude os orzamentos xerais da Unión Europea ou outros administrados por esta, en contía superior a cincuenta mil euros, eludindo o pagamento de cantidades que se deban ingresar, ou dando aos fondos obtidos unha aplicación distinta daquela a que estean destinados, será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos e multa do tanto ao séxtuplo da citada contía.»

Octoxésimo segundo.

Modifícase o parágrafo primeiro do número 1 do artigo 307, que queda redactado como segue:

«1. O que, por acción ou omisión, defraude a Seguridade Social eludindo o pagamento das cotas desta e conceptos de recadación conxunta, obtendo indebidamente devolucións delas ou desfrutando de deducións por calquera concepto así mesmo de forma indebida, sempre que a contía das cotas defraudadas ou das devolucións ou deducións indebidas exceda os cento vinte mil euros, será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos e multa do tanto ao séxtuplo da citada contía.

[...]»

Octoxésimo terceiro.

Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 308, que quedan redactados como segue:

«1. O que obteña subvencións, desgravacións ou axudas das administracións públicas de máis de cento vinte mil euros falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a terían impedido, será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos e multa do tanto ao séxtuplo do seu importe.

Para a determinación da cantidade defraudada aplicarase o ano natural e deberase tratar de subvencións obtidas para o fomento da mesma actividade privada subvencionable, aínda que procedan de distintas administracións ou entidades públicas.

2. As mesmas penas serán impostas a quen, no desenvolvemento dunha actividade subvencionada con fondos das administracións públicas cuxo importe supere os cento vinte mil euros, incumpra as condicións establecidas alterando substancialmente os fins para os cales a subvención foi concedida.»

Octoxésimo cuarto.

Modifícase o artigo 309, que queda redactado como segue:

«O que obteña indebidamente fondos dos orzamentos xerais da Unión Europea ou outros administrados por esta, en contía superior a cincuenta mil euros, falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a terían impedido, será castigado coa pena de prisión dun a cinco anos e multa do tanto ao séxtuplo da citada contía.»

Octoxésimo quinto.

Engádesse o artigo 310 bis, que terá a seguinte redacción:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste título, imporánselle as seguintes penas:

a) Multa do dobre ao cuádruplo da cantidade defraudada ou indebidamente obtida, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de dous anos.

b) Multa de seis meses a un ano, nos supostos recollidos no artigo 310.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Octoxésimo sexto.

Modifícase o artigo 313, que queda redactado como segue:

«O que determine ou favoreza a emigración dalgunha persoa a outro país simulando contrato ou colocación, ou usando doutro engano semellante, será castigado coa pena prevista no artigo anterior.»

Octoxésimo sétimo.

Suprímese o número 2, renuméranse os números 3, 4, 5 e 6, que pasan a ser 2, 3, 4 e 5, e modifícanse os resultantes números 2 e 4 do artigo 318 bis, que quedan redactados como segue:

«2. Os que realicen as condutas descritas no número anterior con ánimo de lucro ou empregando violencia, intimidación, engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de especial vulnerabilidade da vítima, ou pondo en perigo a vida, a saúde ou a integridade das persoas, serán castigados coas penas na súa metade superior. Se a vítima for menor de idade ou incapaz, serán castigados coas penas superiores en grao ás previstas no número anterior.

4. Imporanse as penas superiores en grao ás previstas nos números 1 a 3 deste artigo, nos seus respectivos casos, e inhabilitación especial para profesión, oficio, industria ou comercio polo tempo da condena, cando o culpable pertenza a unha organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que se dedique á realización de tales actividades.

Cando se trate dos xefes, administradores ou encargados das ditas organizacións ou asociacións, aplicaráselles a pena na súa metade superior, que se poderá elevar á inmediatamente superior en grao.

Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste título, imporáselle a pena de multa de dous a cinco anos, ou a do triplo ao quántuplo do beneficio obtido se a cantidade resultante é máis elevada.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Octoxésimo oitavo.

Modifícase a rúbrica do título XVI do libro II, que terá a seguinte redacción:

«TÍTULO XVI

Dos delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, a protección do patrimonio histórico e o ambiente»

Octoxésimo noveno.

Modifícase a rúbrica do capítulo I do título XVI do libro II, que terá a seguinte redacción:

«CAPÍTULO I

Dos delitos sobre a ordenación do territorio e o urbanismo»

Nonaxésimo.

Modifícase o artigo 319, que terá a seguinte redacción:

«1. Imporanse as penas de prisión dun ano e seis meses a catro anos, multa de doce a vinte e catro meses, salvo que o beneficio obtido polo delito sexa superior á cantidade resultante, caso en que a multa será do tanto ao triplo do montante do dito beneficio, e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo dun a catro anos, aos promotores, construtores ou técnicos directores que leven a cabo obras de urbanización, construción ou edificación non autorizables en solos destinados a vías, zonas verdes, bens de dominio público ou lugares que teñan legal ou administrativamente recoñecido o seu valor paisaxístico, ecolóxico, artístico, histórico ou cultural, ou polos mesmos motivos fosen considerados de especial protección.

2. Imporase a pena de prisión dun a tres anos, multa de doce a vinte e catro meses, salvo que o beneficio obtido polo delito sexa superior á cantidade resultante,

caso en que a multa será do tanto ao triplo do montante do dito beneficio, e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo dun a catro anos, aos promotores, construtores ou técnicos directores que leven a cabo obras de urbanización, construción ou edificación non autorizables no solo non urbanizable.

3. En calquera caso, os xuíces ou tribunais, motivadamente, poderán ordenar, a cargo do autor do feito, a demolición da obra e a reposición ao seu estado orixinario da realidade física alterada, sen prexuízo das indemnizacións debidas a terceiros de boa fe. En todo caso, disporase o comiso das ganancias provenientes do delito calquera que sexa a transformación que poidan ter experimentado.

4. Nos supostos previstos neste artigo, cando sexa responsable unha persoa xurídica de acordo co establecido no artigo 31 bis deste código imporáselle a pena de multa dun a tres anos, salvo que o beneficio obtido polo delito sexa superior á cantidade resultante, caso en que a multa será do dobre ao cuádruplo do montante do dito beneficio.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Nonaxésimo primeiro.

Modifícase o artigo 320, que terá a seguinte redacción:

«1. A autoridade ou funcionario público que, a sabendas da súa inxustiza, emitise informe favorable sobre os instrumentos de planeamento, proxectos de urbanización, parcelación, reparcelación, construción ou edificación ou a concesión de licenzas contrarias ás normas de ordenación territorial ou urbanística vixentes, ou que con motivo de inspeccións silenciase a infracción das ditas normas ou que omitise a realización de inspeccións de carácter obrigatorio será castigado coa pena establecida no artigo 404 deste código e, ademais, coa de prisión dun ano e seis meses a catro anos e a de multa de doce a vinte e catro meses.

2. Coas mesmas penas se castigará a autoridade ou funcionario público que por si mesmo ou como membro dun organismo colexiado resolverse ou votase a favor da aprobación dos instrumentos de planeamento, os proxectos de urbanización, parcelación, reparcelación, construción ou edificación ou a concesión das licenzas a que se refire o número anterior, a sabendas da súa inxustiza.»

Nonaxésimo segundo.

Modifícase o artigo 325, que queda redactado como segue:

«Será castigado coas penas de prisión de dous a cinco anos, multa de oito a vinte e catro meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo dun a tres anos o que, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral protectoras do ambiente, provoque ou realice, directa ou indirectamente, emisións, verteduras, radiacións, extraccións ou escavacións, aterramentos, ruídos, vibracións, inxeccións ou depósitos, na atmosfera, o solo, o subsolo ou as augas terrestres, subterráneas ou marítimas, incluído o mar aberto, con incidencia mesmo nos espazos transfronteirizos, así como as captacións de augas que poidan prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais. Se o risco de grave prexuízo for para a saúde das persoas, a pena de prisión imporase na súa metade superior.»

Nonaxésimo terceiro.

Modifícase o artigo 327, que queda redactado como segue:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos nos dous artigos anteriores, imporáselle as seguintes penas:

- a) Multa de dous a cinco anos, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión superior a cinco anos.
- b) Multa dun a tres anos, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Nonaxésimo cuarto.

Modifícase o artigo 328, que queda redactado como segue:

«1. Serán castigados coa pena de prisión de seis meses a dous anos, multa de dez a catorce meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo dun a dous anos os que establezan depósitos ou vertedoiros de refugallo ou residuos sólidos ou líquidos que sexan tóxicos ou perigosos e poidan prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais ou a saúde das persoas.

2. Coas mesmas penas previstas no número anterior serán castigados os que, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral, leven a cabo a explotación de instalacións en que se realice unha actividade perigosa ou en que se almacenen ou utilicen substancias ou preparados perigosos e que causen ou poidan causar a morte ou lesións graves a persoas, ou danos substanciais á calidade do aire, á calidade do solo ou á calidade das augas, ou a animais ou plantas.

3. Serán castigados coa pena de prisión dun a dous anos os que na recollida, o transporte, a valorización, a eliminación ou o aproveitamento de residuos, incluída a omisión dos deberes de vixilancia sobre tales procedementos, poñan en grave perigo a vida, a integridade ou a saúde das persoas, ou a calidade do aire, do solo ou das augas, ou animais ou plantas.

4. O que, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral, traslade unha cantidade importante de residuos, tanto no caso dun como no de varios traslados que aparezan vinculados, será castigado coa pena de prisión dun a dous anos.

5. Cando, con ocasión das condutas previstas nos números anteriores, se produza, ademais do risco previsto, un resultado lesivo constitutivo de delito, calquera que sexa a súa gravidade, os xuíces ou tribunais apreciarán tan só a infracción máis gravemente penada, aplicando a pena na súa metade superior.

6. Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste artigo, imporánselle as seguintes penas:

- a) Multa dun a tres anos, ou do dobre ao cuádruplo do prexuízo causado, cando a cantidade resultante sexa máis elevada, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de máis de dous anos de privación de liberdade.
- b) Multa de seis meses a dous anos, ou do dobre ao triplo do prexuízo causado se a cantidade resultante é máis elevada, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.

7. Cando na comisión de calquera dos feitos previstos nos números anteriores deste artigo concorra algunha das circunstancias recollidas nas alíneas a), b), c) ou d) do artigo 326 imporanse as penas superiores en grao ás respectivamente previstas, sen prexuízo das que poidan corresponder consonte outros preceptos deste código.»

Nonaxésimo quinto.

Modifícase o número 1 do artigo 329, que queda redactado como segue:

«1. A autoridade ou funcionario público que, a sabendas, emitise informe favorable sobre a concesión de licenzas manifestamente ilegais que autoricen o funcionamento das industrias ou actividades contaminantes a que se refiren os artigos anteriores, ou que con motivo das súas inspeccións silenciase a infracción de leis ou disposicións normativas de carácter xeral que as regulen, ou que omitise a realización de inspeccións de carácter obrigatorio, será castigado coa pena establecida no artigo 404 deste código e, ademais, coa de prisión de seis meses a tres anos e a de multa de oito a vinte e catro meses.»

Nonaxésimo sexto.

Modifícase o artigo 333, que queda redactado como segue:

«O que introduza ou libere especies de flora ou fauna non autóctona, de modo que prexudique o equilibrio biolóxico, contravindo as leis ou disposicións de carácter xeral protectoras das especies de flora ou fauna, será castigado coa pena de prisión de catro meses a dous anos ou multa de oito a vinte e catro meses e, en todo caso, inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo dun a tres anos.»

Nonaxésimo sétimo.

Modifícase o número 1 do artigo 334, que queda redactado como segue:

«1. O que cace ou pesque especies ameazadas, realice actividades que impidan ou dificulten a súa reprodución ou migración, ou destrúa ou altere gravemente o seu hábitat, contravindo as leis ou disposicións de carácter xeral protectoras das especies de fauna silvestre, ou comercie ou trafique con elas ou cos seus restos, será castigado coa pena de prisión de catro meses a dous anos ou multa de oito a vinte e catro meses e, en calquera caso, a de inhabilitación especial para profesión ou oficio e inhabilitación especial para o exercicio do dereito de cazar ou pescar por tempo de dous a catro anos.»

Nonaxésimo oitavo.

Modifícase o artigo 336, que queda redactado como segue:

«O que, sen estar legalmente autorizado, empregue para a caza ou a pesca veneno, medios explosivos ou outros instrumentos ou artes de similar eficacia destrutiva ou non selectiva para a fauna, será castigado coa pena de prisión de catro meses a dous anos ou multa de oito a vinte e catro meses e, en calquera caso, a de inhabilitación especial para profesión ou oficio e inhabilitación especial para o exercicio do dereito a cazar ou pescar por tempo dun a tres anos. Se o dano causado é de notoria importancia, imporase a pena de prisión antes mencionada na súa metade superior.»

Nonaxésimo noveno.

Modifícase o artigo 337, que queda redactado como segue:

«O que por calquera medio ou procedemento maltrate inxustificadamente un animal doméstico ou amansado, causándolle a morte ou lesións que menoscaben gravemente a súa saúde, será castigado coa pena de tres meses a un ano de prisión e inhabilitación especial dun a tres anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais.»

Centésimo.

Modifícase o artigo 339, que queda redactado como segue:

«Os xuíces ou tribunais ordenarán a adopción, a cargo do autor do feito, das medidas necesarias encamiñadas a restaurar o equilibrio ecolóxico perturbado, así como de calquera outra medida cautelar necesaria para a protección dos bens tutelados neste título.»

Centésimo primeiro.

Modifícase o artigo 343, que queda redactado como segue:

«1. O que mediante a vertedura, a emisión ou a introdución no aire, o solo ou as augas dunha cantidade de materiais ou de radiacións ionizantes, ou a exposición por calquera outro medio a estas radiacións poña en perigo a vida, integridade, saúde ou bens dunha ou varias persoas, será sancionado coa pena de prisión de seis a doce anos e inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio por tempo de seis a dez anos. A mesma pena se impondrá cando mediante esta conduta se poña en perigo a calidade do aire, do solo ou das augas ou animais ou plantas.

2. Cando con ocasión da conduta descrita no número anterior se produza, ademais do risco previsto, un resultado lesivo constitutivo de delito, calquera que sexa a súa gravidade, os xuíces ou tribunais apreciarán tan só a infracción máis gravemente penada, aplicando a pena na súa metade superior.

3. Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste artigo, impondráselle a pena de multa de dous a cinco anos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Centésimo segundo.

Modifícase o artigo 345, que queda redactado como segue:

«1. O que se apodere de materiais nucleares ou elementos radioactivos, incluso sen ánimo de lucro, será sancionado coa pena de prisión dun a cinco anos. A mesma pena será imposta ao que sen a debida autorización posúa, trafique, facilite, trate, transforme, utilice, almacene, transporte ou elimine materiais nucleares ou outras substancias radioactivas perigosas que causen ou poidan causar a morte ou lesións graves a persoas, ou danos substanciais á calidade do aire, á calidade do solo ou á calidade das augas ou a animais ou plantas.

2. Se o feito se executa empregando forza nas cousas, imponse a pena na súa metade superior.

3. Se o feito se comete con violencia ou intimidación nas persoas, o culpable será castigado coa pena superior en grao.

4. O que sen a debida autorización produza tales materiais ou substancias será castigado coa pena superior en grao.»

Centésimo terceiro.

Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 348, que quedan redactados como segue:

«1. Os que na fabricación, manipulación, transporte, tenza ou comercialización de explosivos, substancias inflamables ou corrosivas, tóxicas e asfixiantes, ou calquera outra materia, aparellos ou artificios que poidan causar estragos, contraveñan as normas de seguridade establecidas, pondo en concreto perigo a vida, a integridade física ou a saúde das persoas, ou o ambiente, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a tres anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio por tempo de seis a doce anos. As mesmas penas se impondrán a quen, de forma ilegal,

produza, importe, exporte, comercialice ou utilice substancias destrutoras do ozono.

3. Nos supostos recollidos nos números anteriores, cando dos feitos sexa responsable unha persoa xurídica de acordo co establecido no artigo 31 bis deste código, imporáselle a pena de multa dun a tres anos, salvo que, acreditado o prexuízo producido, o seu importe sexa maior, caso en que a multa será do dobre ao cuádruplo do importe do dito prexuízo.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.

As penas establecidas nos números anteriores imporanse na súa metade superior cando se trate dos directores, administradores ou encargados da sociedade, empresa, organización ou explotación.»

Centésimo cuarto.

Modifícase o artigo 368, que queda redactado como segue:

«Os que executen actos de cultivo, elaboración ou tráfico, ou doutro modo promovan, favorezan ou faciliten o consumo ilegal de drogas tóxicas, estupeficientes ou substancias psicotrópicas, ou as posúan con aqueles fins, serán castigados coas penas de prisión de tres a seis anos e multa do tanto ao triplo do valor da droga obxecto do delito se se trata de substancias ou produtos que causen grave dano á saúde, e de prisión dun a tres anos e multa do tanto ao duplo nos demais casos.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os tribunais poderán impor a pena inferior en grao ás sinaladas en atención á escasa entidade do feito e ás circunstancias persoais do culpable. Non se poderá facer uso desta facultade se concorre algunha das circunstancias a que se fai referencia nos artigos 369 bis e 370.»

Centésimo quinto.

Suprímense as circunstancias 2.^a e 10.^a do número 1, pasando as restantes 3.^a, 4.^a, 5.^a, 6.^a, 7.^a, 8.^a e 9.^a a ser as 2.^a, 3.^a, 4.^a, 5.^a, 6.^a, 7.^a e 8.^a, e suprímese o número 2 do artigo 369.

Centésimo sexto.

Engádesse o artigo 369 bis, co seguinte contido:

«Cando os feitos descritos no artigo 368 fosen realizados por quen pertenza a unha organización delituosa, imporanse as penas de prisión de nove a doce anos e multa do tanto ao cuádruplo do valor da droga se se trata de substancias e produtos que causen grave dano á saúde, e de prisión de catro anos e seis meses a dez anos e a mesma multa nos demais casos.

Aos xefes, encargados ou administradores da organización imporánselles as penas superiores en grao ás sinaladas no parágrafo primeiro.

Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos nos dous artigos anteriores, imporánselle as seguintes penas:

a) Multa de dous a cinco anos, ou do triplo ao quíntuplo do valor da droga cando a cantidade resultante sexa máis elevada, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.

b) Multa dun a tres anos, ou do dobre ao cuádruplo do valor da droga cando a cantidade resultante sexa máis elevada, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de dous anos non incluída no anterior inciso.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Centésimo sétimo.

Modifícase o ordinal 2.º e o parágrafo segundo do ordinal 3.º do artigo 370, que quedan redactados como segue:

«2.º Se trate dos xefes, administradores ou encargados das organizacións a que se refire a circunstancia 2.ª do número 1 do artigo 369.

3.º [...]

Considéranse de extrema gravidade os casos en que a cantidade das substancias a que se refire o artigo 368 exceda notablemente a considerada como de notoria importancia, ou se utilizasen buques, embarcacións ou aeronaves como medio de transporte específico, ou se levasen a cabo as condutas indicadas simulando operacións de comercio internacional entre empresas, ou se trate de redes internacionais dedicadas a este tipo de actividades, ou cando concorran tres ou máis das circunstancias previstas no artigo 369.1.

[...]»

Centésimo oitavo.

Modifícase o artigo 379, que terá a seguinte redacción:

«1. O que conduza un vehículo de motor ou un ciclomotor a velocidade superior en sesenta quilómetros por hora en vía urbana ou en oitenta quilómetros por hora en vía interurbana á permitida regulamentariamente, será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou coa de multa de seis a doce meses ou coa de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a noventa días, e, en calquera caso, coa de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a un e ata catro anos.

2. Coas mesmas penas será castigado o que conduza un vehículo de motor ou ciclomotor baixo a influencia de drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou de bebidas alcohólicas. En todo caso, será condenado coas ditas penas o que conduza cunha taxa de alcohol en aire espirado superior a 0,60 miligramos por litro ou cunha taxa de alcohol en sangue superior a 1,2 gramos por litro.»

Centésimo noveno.

Suprímese o número 3 do artigo 381.

Centésimo décimo.

Modifícase o artigo 384, que queda redactado como segue:

«O que conduza un vehículo de motor ou ciclomotor nos casos de perda de vixencia do permiso ou licenza por perda total dos puntos asignados legalmente, será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou coa de multa de doce a vinte e catro meses ou coa de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a noventa días.

A mesma pena será imposta a quen realice a condución logo de ser privado cautelar ou definitivamente do permiso ou licenza por decisión xudicial e a quen conduza un vehículo de motor ou ciclomotor sen ter obtido nunca permiso ou licenza de condución.»

Centésimo décimo segundo.

Engádesse un novo artigo 385 bis, que queda redactado como segue:

«O vehículo de motor ou ciclomotor utilizado nos feitos previstos neste capítulo considerarase instrumento do delito para os efectos dos artigos 127 e 128.»

Centésimo décimo segundo.

Engádesse un novo artigo 385 ter, coa seguinte redacción:

«Nos delitos previstos nos artigos 379, 383, 384 e 385, o xuíz ou tribunal, razoándoo na sentenza, poderá rebaixar nun grao a pena de prisión en atención á menor entidade do risco causado e ás demais circunstancias do feito.»

Centésimo décimo terceiro.

Modifícase o artigo 387, que queda redactado como segue:

«Para os efectos do artigo anterior, enténdese por moeda a metálica e o papel moeda de curso legal. Equiparanse á moeda nacional as doutros países da Unión Europea e as estranxeiras.»

Centésimo décimo cuarto.

Modifícase o artigo 392, que queda redactado como segue:

«1. O particular que cometa en documento público, oficial ou mercantil, algunha das falsidades descritas nos tres primeiros ordinais do número 1 do artigo 390, será castigado coas penas de prisión de seis meses a tres anos e multa de seis a doce meses.

2. As mesmas penas serán impostas a quen, sen ter intervido na falsificación, trafique de calquera modo cun documento de identidade falso. Imporase a pena de prisión de seis meses a un ano e multa de tres a seis meses ao que faga uso, a sabendas, dun documento de identidade falso.

Esta disposición é aplicable mesmo cando o documento de identidade falso apareza como pertencente a outro Estado da Unión Europea ou a un Estado terceiro ou fose falsificado ou adquirido noutro Estado da Unión Europea ou nun Estado terceiro se é utilizado ou se trafica con el en España.»

Centésimo décimo quinto.

Modifícase o artigo 399, que queda redactado como segue:

«1. O particular que falsifique unha certificación das designadas nos artigos anteriores será castigado coa pena de multa de tres a seis meses.

2. A mesma pena se lle imporá ao que faga uso, a sabendas, da certificación, así como ao que, sen ter intervido na súa falsificación, trafique con ela de calquera modo.

3. Esta disposición é aplicable mesmo cando o certificado apareza como pertencente a outro Estado da Unión Europea ou a un Estado terceiro ou fose falsificado ou adquirido noutro Estado da Unión Europea ou nun Estado terceiro se é utilizado en España.»

Centésimo décimo sexto.

Engádesse a sección 4.^a do capítulo II do título XVIII do libro II, que comprenderá o artigo 399 bis e terá a seguinte rúbrica:

«Da falsificación de tarxetas de crédito e débito e cheques de viaxe»

Centésimo décimo sétimo.

Engádesse o artigo 399 bis, que queda redactado como segue:

«1. O que altere, copie, reproduza ou de calquera outro modo falsifique tarxetas de crédito ou débito ou cheques de viaxe, será castigado coa pena de prisión de

catro a oito anos. Imporase a pena na súa metade superior cando os efectos falsificados afecten unha xeneralidade de persoas ou cando os feitos se cometan no marco dunha organización criminal dedicada a estas actividades.

Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos anteriores delitos, imporáselle a pena de multa de dous a cinco anos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.

2. A tenza de tarxetas de crédito ou débito ou cheques de viaxe falsificados destinados á distribución ou tráfico será castigada coa pena sinalada á falsificación.

3. O que sen ter intervido na falsificación use, en prexuízo doutro e a sabendas da falsidade, tarxetas de crédito ou débito ou cheques de viaxe falsificados será castigado coa pena de prisión de dous a cinco anos.»

Centésimo décimo oitavo.

Engádesse o artigo 400 bis, que terá a seguinte redacción:

«Nos supostos descritos nos artigos 392, 393, 394, 396 e 399 deste código tamén se entenderá por uso de documento, despacho, certificación ou documento de identidade falsos o uso dos correspondentes documentos, despachos, certificacións ou documentos de identidade auténticos realizado por quen non estea lexitimado para iso.»

A adición deste artigo implica que a rúbrica do correspondente capítulo III, en que se integra, pase a ser «Disposicións xerais».

Centésimo décimo noveno.

Modifícase o artigo 419, que terá a seguinte redacción:

«A autoridade ou funcionario público que, en proveito propio ou dun terceiro, reciba ou solicite, por si ou por persoa interposta, dádiva, favor ou retribución de calquera clase ou acepte ofrecemento ou promesa para realizar no exercicio do seu cargo un acto contrario aos deberes inherentes a el ou para non realizar ou atrasar inxustificadamente o que deba practicar, incorrerá na pena de prisión de tres a seis anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de sete a doce anos, sen prexuízo da pena correspondente ao acto realizado, omitido ou atrasado en razón da retribución ou promesa, se é constitutivo de delito.»

Centésimo vixésimo.

Modifícase o artigo 420, que terá a seguinte redacción:

«A autoridade ou funcionario público que, en proveito propio ou dun terceiro, reciba ou solicite, por si ou por persoa interposta, dádiva, favor ou retribución de calquera clase ou acepte ofrecemento ou promesa para realizar un acto propio do seu cargo, incorrerá na pena de prisión de dous a catro anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de tres a sete anos.»

Centésimo vixésimo primeiro.

Modifícase o artigo 421, que terá a seguinte redacción:

«As penas sinaladas nos artigos precedentes imporanse tamén cando a dádiva, favor ou retribución a reciba ou solicite a autoridade ou funcionario público, nos seus respectivos casos, como recompensa pola conduta descrita nos ditos artigos.»

Centésimo vixésimo segundo.

Modifícase o artigo 422, que terá a seguinte redacción:

«A autoridade ou funcionario público que, en proveito propio ou dun terceiro, admita, por si ou por persoa interposta, dádiva ou regalo que lle sexan ofrecidos en consideración ao seu cargo ou función, incorrerá na pena de prisión de seis meses a un ano e suspensión de emprego e cargo público dun a tres anos.»

Centésimo vixésimo terceiro.

Modifícase o artigo 423, que terá a seguinte redacción:

«O disposto nos artigos precedentes será igualmente aplicable aos xurados, árbitros, peritos, administradores ou interventores designados xudicialmente, ou a calquera persoa que participe no exercicio da función pública.»

Centésimo vixésimo cuarto.

Modifícase o artigo 424, que terá a seguinte redacción:

«1. O particular que ofrezca ou entregue dádiva ou retribución de calquera outra clase a unha autoridade, funcionario público ou persoa que participe no exercicio da función pública para que realice un acto contrario aos deberes inherentes ao seu cargo ou un acto propio do seu cargo, para que non realice ou atrase o que deba practicar, ou en consideración ao seu cargo ou función, será castigado, nos seus respectivos casos, coas mesmas penas de prisión e multa que a autoridade, funcionario ou persoa corrompida.

2. Cando un particular entregue a dádiva ou retribución atendendo a solicitude da autoridade, funcionario público ou persoa que participe no exercicio da función pública, imporáselle as mesmas penas de prisión e multa que a eles lles correspondan.

3. Se a actuación conseguida ou pretendida da autoridade ou funcionario ten relación cun procedemento de contratación, de subvencións ou de poxas convocados polas administracións ou entes públicos, imporáselle ao particular e, de ser o caso, á sociedade, asociación ou organización a que represente a pena de inhabilitación para obter subvencións e axudas públicas, para contratar con entes, organismos ou entidades que formen parte do sector público e para gozar de beneficios ou incentivos fiscais e da Seguridade Social por un tempo de tres a sete anos.»

Centésimo vixésimo quinto.

Modifícase o artigo 425, que terá a seguinte redacción:

«Cando o suborno medie en causa criminal a favor do reo por parte do seu cónxuxe ou outra persoa a que se ache ligado de forma estable por análoga relación de afectividade, ou dalgún ascendente, descendente ou irmán por natureza, por adopción ou afíns nos mesmos graos, imporáselle ao subornador a pena de prisión de seis meses a un ano.»

Centésimo vixésimo sexto.

Modifícase o artigo 426, que terá a seguinte redacción:

«Quedarán exentos de pena polo delito de suborno o particular que, tendo accedido ocasionalmente á solicitude de dádiva ou outra retribución realizada por autoridade ou funcionario público, denuncie o feito á autoridade que teña o deber de proceder á súa investigación, antes da apertura do procedemento, sempre que non transcorresen máis de dous meses desde a data dos feitos.»

Centésimo vixésimo sétimo.

Modifícase o artigo 427, que terá a seguinte redacción:

«1. O disposto nos artigos precedentes será tamén aplicable cando os feitos sexan imputados ou afecten os funcionarios da Unión Europea ou os funcionarios nacionais doutro Estado membro da Unión.

Para estes efectos entenderase que é funcionario da Unión Europea:

1.º toda persoa que teña a condición de funcionario ou de axente contratado no sentido do Estatuto dos funcionarios das Comunidades Europeas ou do réxime aplicable a outros axentes da Unión Europea;

2.º toda persoa posta á disposición da Unión Europea polos Estados membros ou por calquera organismo público ou privado que exerza nelas funcións equivalentes ás que exercen os funcionarios ou outros axentes da Unión Europea;

3.º os membros de organismos creados de conformidade cos tratados constitutivos das Comunidades Europeas, así como o persoal dos ditos organismos, na medida en que o Estatuto dos funcionarios das Comunidades Europeas ou o réxime aplicable a outros axentes da Unión Europea non lles sexa aplicable.

Así mesmo, entenderase por funcionario nacional doutro Estado membro da Unión o que teña esta condición para os fins da aplicación do dereito penal do dito Estado membro.

2. Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste capítulo, imporánselle as seguintes penas:

a) Multa de dous a cinco anos, ou do triplo ao quántuplo do beneficio obtido cando a cantidade resultante sexa máis elevada, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.

b) Multa dun a tres anos, ou do dobre ao quádruplo do beneficio obtido cando a cantidade resultante sexa máis elevada, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de máis de dous anos de privación de liberdade non incluída no anterior inciso.

c) Multa de seis meses a dous anos, ou do dobre ao triplo do beneficio obtido se a cantidade resultante é máis elevada, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33».

Centésimo vixésimo oitavo.

Modifícase o artigo 428, que queda redactado como segue:

«O funcionario público ou autoridade que inflúa noutro funcionario público ou autoridade aproveitándose do exercicio das facultades do seu cargo ou de calquera outra situación derivada da súa relación persoal ou xerárquica con este ou con outro funcionario ou autoridade para conseguir unha resolución que lle poida xerar directa ou indirectamente un beneficio económico para si ou para un terceiro, incorrerá nas penas de prisión de seis meses a dous anos, multa do tanto ao duplo do beneficio perseguido ou obtido e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de tres a seis anos. Se obtiver o beneficio perseguido, estas penas imporanse na súa metade superior.»

Centésimo vixésimo noveno.

Modifícase o artigo 429, que queda redactado como segue:

«O particular que inflúa nun funcionario público ou autoridade aproveitándose de calquera situación derivada da súa relación persoal con este ou con outro funcionario público ou autoridade para conseguir unha resolución que lle poida xerar directa ou indirectamente un beneficio económico para si ou para un terceiro, será castigado coas penas de prisión de seis meses a dous anos e multa do tanto ao duplo do beneficio perseguido ou obtido. Se obtiver o beneficio perseguido, estas penas imporanse na súa metade superior.»

Centésimo trixésimo.

Modifícase o parágrafo segundo e engádesse un parágrafo terceiro ao artigo 430, que quedan redactados como segue:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis deste código, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste capítulo, imporáselle a pena de multa de seis meses a dous anos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33».

Centésimo trixésimo primeiro.

Modifícase o artigo 436, que queda redactado como segue:

«A autoridade ou funcionario público que, intervindo por razón do seu cargo en calquera dos actos das modalidades de contratación pública ou en liquidacións de efectos ou haberes públicos, se concerte cos interesados ou use calquera outro artificio para defraudar calquera ente público, incorrerá nas penas de prisión dun a tres anos e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de seis a dez anos. Ao particular que se concertase coa autoridade ou funcionario público imporáselle a mesma pena de prisión que a estes, así como a de inhabilitación para obter subvencións e axudas públicas, para contratar con entes, organismos ou entidades que formen parte do sector público e para gozar de beneficios ou incentivos fiscais e da Seguridade Social por un tempo de dous a cinco anos.»

Centésimo trixésimo segundo.

Modifícase o artigo 439, que queda redactado como segue:

«A autoridade ou funcionario público que, debendo intervir por razón do seu cargo en calquera clase de contrato, asunto, operación ou actividade, se aproveite de tal circunstancia para forzar ou facilitarse calquera forma de participación, directa ou por persoa interposta, en tales negocios ou actuacións, incorrerá na pena de prisión de seis meses a dous anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo dun a catro anos.»

Centésimo trixésimo terceiro.

Modifícase o artigo 445, que terá a seguinte redacción:

«1. Os que mediante o ofrecemento, promesa ou concesión de calquera beneficio indebido, pecuniario ou doutra clase, corrompan ou intenten corromper, por si ou por persoa interposta, os funcionarios públicos estranxeiros ou de organizacións internacionais, en beneficio destes ou dun terceiro, ou atendan as súas solicitudes ao respecto, co fin de que actúen ou se absteñan de actuar en relación co exercicio de funcións públicas para conseguir ou conservar un contrato ou outro beneficio irregular na realización de actividades económicas internacionais, serán castigados coas penas de prisión de dous a seis anos e multa de doce a vinte e catro meses, salvo que o beneficio obtido sexa superior á cantidade resultante, caso en que a multa será do tanto ao duplo do total do dito beneficio.»

Ademais das penas sinaladas, imporáselle ao responsable a pena de prohibición de contratar co sector público, así como a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar de beneficios ou incentivos fiscais e da Seguridade Social, e a prohibición de intervir en transaccións comerciais de transcendencia pública por un período de sete a doce anos.

As penas previstas nos parágrafos anteriores imporanse na súa metade superior se o obxecto do negocio versa sobre bens ou servizos humanitarios ou calquera outro de primeira necesidade.

2. Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, deste código unha persoa xurídica sexa responsable deste delito, imporáselle a pena de multa de dous a cinco anos, ou a do triplo ao quántuplo do beneficio obtido se a cantidade resultante é máis elevada.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.

3. Para os efectos deste artigo enténdese por funcionario público estranxeiro:

a) Calquera persoa que exerza un cargo lexislativo, administrativo ou xudicial dun país estranxeiro, tanto por nomeamento como por elección.

b) Calquera persoa que exerza unha función pública para un país estranxeiro, incluído un organismo público ou unha empresa pública.

c) Calquera funcionario ou axente dunha organización internacional pública.»

Centésimo trixésimo cuarto.

Modifícase a alínea a) do ordinal 3.º do artigo 451, que queda redactada como segue:

«a) Que o feito encuberto sexa constitutivo de traizón, homicidio do rei, de calquera dos seus ascendentes ou descendentes, da raíña consorte ou do consorte da raíña, do rexente ou dalgún membro da rexencia, ou do príncipe herdeiro da Coroa, xenocidio, delito de lesa humanidade, delito contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado, rebelión, terrorismo, homicidio, pirataría, tráfico de seres humanos ou tráfico ilegal de órganos.»

Centésimo trixésimo quinto.

Modifícase o número 2 do artigo 468, que queda redactado como segue:

«2. Imporase en todo caso a pena de prisión de seis meses a un ano aos que quebranten unha pena das recollidas no artigo 48 deste código ou unha medida cautelar ou de seguridade da mesma natureza imposta en procesos criminais en que o ofendido sexa algunha das persoas a que se refire o artigo 173.2, así como a aqueles que quebranten a medida de liberdade vixiada.»

Centésimo trixésimo sexto.

Suprímese o ordinal 2.º do artigo 515.

Centésimo trixésimo sétimo.

Suprímese o artigo 516.

Centésimo trixésimo oitavo.

Modifícase a rúbrica do capítulo V do título XXII do libro II, que queda redactada como segue:

«Da tenza, tráfico e depósito de armas, municións ou explosivos»

Centésimo trixésimo noveno.

Suprímense as rúbricas das seccións primeira e segunda do capítulo V do título XXII do libro II, mantéñense no dito capítulo os artigos 563 a 570 e os restantes pasan a integrar o novo capítulo VII.

Centésimo cuadraxésimo.

Modifícanse os ordinais 1.º e 3.º do número 1 e o número 2 do artigo 566, que quedan redactados como segue:

«1. Os que fabriquen, comercialicen ou establezan depósitos de armas ou municións non autorizados polas leis ou a autoridade competente serán castigados:

1.º Se se trata de armas ou municións de guerra ou de armas químicas ou biolóxicas ou de minas antipersoas ou municións en acio, coa pena de prisión de cinco a dez anos os promotores e organizadores, e coa de prisión de tres a cinco anos os que cooperasen na súa formación.

2.º [...]

3.º Coas mesmas penas será castigado, nos seus respectivos casos, o tráfico de armas ou municións de guerra ou de defensa, ou de armas químicas ou biolóxicas ou de minas antipersoas ou municións en acio.

2. As penas previstas no ordinal 1.º do número anterior imporanse aos que desenvolvan ou empreguen armas químicas ou biolóxicas ou minas antipersoas ou municións en acio, ou inicien preparativos militares para o seu emprego ou non as destrúan con infracción dos tratados ou convenios internacionais en que España sexa parte.»

Centésimo cuadraxésimo primeiro.

Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 567, que quedan redactados como segue:

«1. Considérase depósito de armas de guerra a fabricación, a comercialización ou a tenza de calquera das ditas armas, con independencia do seu modelo ou clase, mesmo cando se achen en pezas desmontadas. Considérase depósito de armas químicas ou biolóxicas ou de minas antipersoas ou de municións en acio a súa fabricación, comercialización ou tenza.

O depósito de armas, na súa vertente de comercialización, comprende tanto a adquisición como o alleamento.

2. Considéranse armas de guerra as determinadas como tales nas disposicións reguladoras da defensa nacional. Considéranse armas químicas ou biolóxicas, minas antipersoas ou municións en acio as determinadas como tales nos tratados ou convenios internacionais en que España sexa parte.

Enténdese por desenvolvemento de armas químicas ou biolóxicas, minas antipersoas ou municións en acio calquera actividade consistente na investigación ou estudo de carácter científico ou técnico encamiñada á creación dunha nova arma química ou biolóxica, mina antipersoas ou munición en acio ou a modificación dunha preexistente.»

Centésimo cuadraxésimo segundo.

Engádese un capítulo VI ao título XXII do libro II, que comprenderá os artigos 570 bis, 570 ter e 570 quáter e terá a seguinte rúbrica:

«Das organizacións e grupos criminais»

Centésimo cuadraxésimo terceiro.

Engádese o artigo 570 bis, que queda redactado como segue:

«1. Os que promovan, constitúan, organicen, coordinen ou dirixan unha organización criminal serán castigados coa pena de prisión de catro a oito anos se aquela ten por finalidade ou obxecto a comisión de delitos graves, e coa pena de prisión de tres a seis anos nos demais casos; e os que participen activamente na organización, formen parte dela ou cooperen economicamente ou de calquera outro modo con ela serán castigados coas penas de prisión de dous a cinco anos se ten como fin a comisión de delitos graves, e coa pena de prisión dun a tres anos nos demais casos.

Para os efectos deste código enténdese por organización criminal a agrupación formada por máis de dúas persoas con carácter estable ou por tempo indefinido, que de maneira concertada e coordinada se repartan diversas tarefas ou funcións co fin de cometer delitos, así como de levar a cabo a perpetración reiterada de faltas.

2. As penas previstas no número anterior imporanse na súa metade superior cando a organización:

- a) estea formada por un elevado número de persoas.
- b) dispoña de armas ou instrumentos perigosos.
- c) dispoña de medios tecnolóxicos avanzados de comunicación ou transporte que polas súas características resulten especialmente aptos para facilitar a execución dos delitos ou a impunidade dos culpables.

De concorreren dúas ou máis destas circunstancias imporanse as penas superiores en grao.

3. Imporanse na súa metade superior as penas respectivamente previstas neste artigo se os delitos son contra a vida ou a integridade das persoas, a liberdade, a liberdade e indemnidade sexuais ou o tráfico de seres humanos.»

Centésimo cuadraxésimo cuarto.

Engádesse o artigo 570 ter, que queda redactado como segue:

«1. Os que constitúan, financien ou integren un grupo criminal serán castigados:

- a) Se a finalidade do grupo é cometer delitos dos mencionados no número 3 do artigo anterior, coa pena de dous a catro anos de prisión se se trata dun ou máis delitos graves e coa dun a tres anos de prisión se se trata de delitos menos graves.
- b) Coa pena de seis meses a dous anos de prisión se a finalidade do grupo é cometer calquera outro delito grave.
- c) Coa pena de tres meses a un ano de prisión cando se trate de cometer un ou varios delitos menos graves non incluídos na alínea a) ou da perpetración reiterada de faltas; neste último caso deberase impor a pena na súa metade inferior, salvo que a finalidade do grupo sexa a perpetración reiterada da falta prevista no número 1 do artigo 623, caso en que se poderá impor a pena en toda a súa extensión.

Para os efectos deste código enténdese por grupo criminal a unión de máis de dúas persoas que, sen reunir algunha ou algunhas das características da organización criminal definida no artigo anterior, teña por finalidade ou por obxecto a perpetración concertada de delitos ou a comisión concertada e reiterada de faltas.

2. As penas previstas no número anterior imporanse na súa metade superior cando o grupo:

- a) estea formado por un elevado número de persoas.
- b) dispoña de armas ou instrumentos perigosos.

c) dispoña de medios tecnolóxicos avanzados de comunicación ou transporte que polas súas características resulten especialmente aptos para facilitar a execución dos delitos ou a impunidad dos culpables.

De concorreren dúas ou máis das ditas circunstancias imporanse as penas superiores en grao.»

Centésimo cuadraxésimo quinto.

Engádesse o artigo 570 quáter, que queda redactado como segue:

«1. Os xuíces ou tribunais, nos supostos previstos neste capítulo, acordarán a disolución da organización ou grupo e, de ser o caso, calquera outra das consecuencias do artigo 31 bis deste código.

2. Así mesmo, imporáselles aos responsables das condutas descritas nos dous artigos anteriores, ademais das penas neles previstas, a de inhabilitación especial para todas aquelas actividades económicas ou negocios xurídicos relacionados coa actividade da organización ou grupo criminal ou coa súa actuación no seu seo, por un tempo superior entre seis e vinte anos ao da duración da pena de privación de liberdade imposta de ser o caso, atendendo proporcionalmente á gravidade do delito, ao número dos cometidos e ás circunstancias que concorran no delincente.

En todo caso, cando as condutas previstas nos ditos artigos estean comprendidas noutro precepto deste código, será de aplicación o disposto na regra 4.^a do artigo 8.

3. As disposicións deste capítulo serán aplicables a toda organización ou grupo criminal que leve a cabo calquera acto penalmente relevante en España, aínda que se constituísen, estean asentados ou desenvolvan a súa actividade no estranxeiro.

4. Os xuíces ou tribunais, razoándoo na sentenza, poderán impor ao responsable de calquera dos delitos previstos neste capítulo a pena inferior nun ou dous graos, sempre que o suxeito abandonase de forma voluntaria as súas actividades delituosas e colaborase activamente coas autoridades ou os seus axentes, ben para obter probas decisivas para a identificación ou captura doutros responsables ou para impedir a actuación ou o desenvolvemento das organizacións ou grupos a que pertenceu, ben para evitar a perpetración dun delito que se trate de cometer no seo ou a través destas organizacións ou grupos.»

Centésimo cuadraxésimo sexto.

Créase un capítulo VII no título XXII do libro II, que comprenderá os artigos 571 a 580 e terá a seguinte rúbrica:

«Das organizacións e grupos terroristas e dos delitos de terrorismo»

Centésimo cuadraxésimo sétimo.

Créase a sección 1.^a do capítulo VII do título XXII do libro II, que comprenderá o artigo 571 e terá a seguinte rúbrica:

«Das organizacións e grupos terroristas»

Centésimo cuadraxésimo oitavo.

Modifícase o artigo 571, que queda redactado como segue:

«1. Os que promovan, constitúan, organicen ou dirixan unha organización ou grupo terrorista serán castigados coas penas de prisión de oito a catorce anos e

inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de oito a quince anos.

2. Os que participen activamente na organización ou grupo, ou formen parte destes, serán castigados coas penas de prisión de seis a doce anos e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de seis a catorce.

3. Para os efectos deste código, consideraranse organizacións ou grupos terroristas aquelas agrupacións que, reunindo as características respectivamente establecidas no parágrafo segundo do número 1 do artigo 570 bis) e no parágrafo segundo do número 1 do artigo 570 ter, teñan por finalidade ou por obxecto subverter a orde constitucional ou alterar gravemente a paz pública mediante a perpetración de calquera dos delitos previstos na sección seguinte.»

Centésimo cuadraxésimo noveno.

Créase a sección 2.^a do capítulo VII do título XXII do libro II, que comprenderá os artigos 572 a 580 e terá a seguinte rúbrica:

«Dos delitos de terrorismo»

Centésimo quincuaxésimo.

Modifícase o artigo 572, que queda redactado como segue:

«1. Os que pertencendo, actuando ao servizo ou colaborando con organizacións ou grupos terroristas cometan os delitos de estragos ou de incendios tipificados nos artigos 346 e 351, respectivamente, serán castigados coa pena de prisión de quince a vinte anos, sen prexuízo da pena que lles corresponda de se producir lesión para a vida, integridade física ou saúde das persoas.

2. Os que pertencendo, actuando ao servizo ou colaborando coas organizacións ou grupos terroristas atenten contra as persoas, incorrerán:

1.º Na pena de prisión de vinte a trinta anos se causan a morte dunha persoa.

2.º Na pena de prisión de quince a vinte anos se causan lesións das previstas nos artigos 149 e 150 ou secuestran unha persoa.

3.º Na pena de prisión de dez a quince anos se causan calquera outra lesión ou deteñen ilegalmente, ameazan ou coaccionan unha persoa.

3. Se os feitos se realizan contra as persoas mencionadas no número 2 do artigo 551 ou contra membros das Forzas Armadas, das forzas e corpos de seguridade do Estado, policías das comunidades autónomas ou dos entes locais, imporase a pena na súa metade superior.»

Centésimo quincuaxésimo primeiro.

Modifícase o artigo 574, que queda redactado como segue:

«Os que pertencendo, actuando ao servizo ou colaborando con organizacións ou grupos terroristas, cometan calquera outra infracción con algunha das finalidades expresadas no número 3 do artigo 571, serán castigados coa pena sinalada ao delito ou falta executados na súa metade superior.»

Centésimo quincuaxésimo segundo.

Modifícase o artigo 576, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coas penas de prisión de cinco a dez anos e multa de dezaoto a vinte e catro meses o que leve a cabo, solicite ou facilite calquera acto de colaboración coas actividades ou coas finalidades dunha organización ou grupo terrorista.

2. Son actos de colaboración a información ou vixilancia de persoas, bens ou instalacións; a construción, o acondicionamento, a cesión ou a utilización de aloxamentos ou depósitos; a ocultación ou traslado de persoas vinculadas a organizacións ou grupos terroristas; a organización de prácticas de adestramento ou a asistencia a elas, e, en xeral, calquera outra forma equivalente de cooperación, axuda ou mediación, económica ou doutro xénero, coas actividades das citadas organizacións ou grupos terroristas.

Cando a información ou vixilancia de persoas mencionada no parágrafo anterior poña en perigo a súa vida, integridade física, liberdade ou patrimonio, imponse a pena prevista no número 1 na súa metade superior. De se chegar a executar o risco previsto, castigarase o feito como coautoría ou complicidade, segundo os casos.

3. As mesmas penas previstas no número 1 deste artigo serán impostas a aqueles que leven a cabo calquera actividade de captación, adoutramento, adestramento ou formación, dirixida á incorporación doutros a unha organización ou grupo terrorista ou á perpetración de calquera dos delitos previstos neste capítulo.»

Centésimo quincuaxésimo terceiro.

Engádesse o artigo 576 bis, que queda redactado como segue:

«1. O que por calquera medio, directa ou indirectamente, provexa ou recolecte fondos coa intención de que se utilicen, ou a sabendas de que serán utilizados, en todo ou en parte, para cometer calquera dos delitos comprendidos neste capítulo ou para facelos chegar a unha organización ou grupo terroristas, será castigado con penas de prisión de cinco a dez anos e multa de dezaioito a vinte e catro meses.

Se os fondos chegaren a ser empregados para a execución de actos terroristas concretos, o feito castigarase como coautoría ou complicidade, segundo os casos, sempre que lle corresponda unha pena maior.

2. O que estando especificamente suxeito pola lei a colaborar coa autoridade na prevención das actividades de financiamento do terrorismo dea lugar, por imprudencia grave no cumprimento das ditas obrigas, a que non sexa detectada ou impedida calquera das condutas descritas no número primeiro deste artigo, será castigado coa pena inferior nun ou dous graos á prevista nel.

3. Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis deste código unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste artigo, imporánselle as seguintes penas:

a) Multa de dous a cinco anos, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.

b) Multa dun a tres anos, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de máis de dous anos de privación de liberdade non incluída no anterior inciso.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis deste código, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impor as penas recollidas nas alíneas b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Centésimo quincuaxésimo cuarto.

Modifícase o artigo 579, que queda redactado como segue:

«1. A provocación, a conspiración e a proposición para cometer os delitos previstos nos artigos 571 a 578 castigaranse coa pena inferior nun ou dous graos á que corresponda, respectivamente, aos feitos previstos nos artigos anteriores.

Cando non quede comprendida no parágrafo anterior ou noutro precepto deste código que estableza maior pena, a distribución ou difusión pública por calquera medio de mensaxes ou consignas dirixidas a provocar, alentar ou favorecer a

perpetración de calquera dos delitos previstos neste capítulo, xerando ou incrementando o risco da súa efectiva comisión, será castigada coa pena de seis meses a dous anos de prisión.

2. Os responsables dos delitos previstos neste capítulo, sen prexuízo das penas que correspondan consonte os artigos precedentes, serán tamén castigados coa pena de inhabilitación absoluta por un tempo superior entre seis e vinte anos ao da duración da pena de privación de liberdade imposta de ser o caso na sentenza, atendendo proporcionalmente á gravidade do delito, ao número dos cometidos e ás circunstancias que concorran no delincente.

3. Aos condenados a pena grave privativa de liberdade por un ou máis delitos comprendidos neste capítulo imporáselles ademais a medida de liberdade vixiada de cinco a dez anos, e dun a cinco anos se a pena privativa de liberdade é menos grave. Non obstante o anterior, cando se trate dun só delito que non sexa grave cometido por un delincente primario, o tribunal poderá impor ou non a medida de liberdade vixiada en atención á menor perigosidade do autor.

4. Nos delitos previstos nesta sección, os xuíces e tribunais, razoándoo en sentenza, poderán impor a pena inferior nun ou dous graos á sinalada pola lei para o delito de que se trate, cando o suxeito abandonase voluntariamente as súas actividades delituosas e se presente ás autoridades confesando os feitos en que participou, e ademais colabore activamente con estas para impedir a produción do delito ou coadruve eficazmente á obtención de probas decisivas para a identificación ou captura doutros responsables ou para impedir a actuación ou o desenvolvemento de organizacións ou grupos terroristas a que pertenceu ou cos cales colaborou.»

Centésimo quincuaxésimo quinto.

Modifícase o inciso inicial do número 1 do artigo 607, que queda redactado como segue:

«1. Os que, con propósito de destruír total ou parcialmente un grupo nacional, étnico, racial, relixioso ou determinado pola discapacidade dos seus integrantes, perpetren algún dos actos seguintes, serán castigados:

[...]

Centésimo quincuaxésimo sexto.

Modifícase o punto 1.º do número 1 do artigo 607 bis, que queda redactado como segue:

«1.º Por razón de pertenza da vítima a un grupo ou colectivo perseguido por motivos políticos, raciais, nacionais, étnicos, culturais, relixiosos, de xénero, discapacidade ou outros motivos universalmente recoñecidos como inaceptables consonte o dereito internacional.»

Centésimo quincuaxésimo sétimo.

Engádense os ordinais 8.º e 9.º ao artigo 611, que terán a seguinte redacción:

«8.º Declare abolidos, suspendidos ou inadmisibles ante un xuíz ou tribunal os dereitos e accións dos nacionais da parte adversa.

9.º Atente contra a liberdade sexual dunha persoa protexida cometendo actos de violación, escravitude sexual, prostitución inducida ou forzada, embarazo forzado, esterilización forzada ou calquera outra forma de agresión sexual.»

Centésimo quincuaxésimo oitavo.

Modifícanse os ordinais 3.º e 4.º e engádense os ordinais 8.º, 9.º e 10.º ao artigo 612, coa seguinte redacción:

«3.º Inxurie gravemente, prive ou non procure o alimento indispensable ou a asistencia médica necesaria a calquera persoa protexida ou a faga obxecto de tratos humillantes ou degradantes, omite informalmente, sen demora xustificada e de modo comprensible, da súa situación, impoña castigos colectivos por actos individuais ou viole as prescricións sobre o aloxamento de mulleres e familias ou sobre protección especial de mulleres e nenos establecidas nos tratados internacionais en que España sexa parte e, en particular, recrute ou aliste menores de dezoito anos ou os utilice para participar directamente nas hostilidades.

4.º Use indebidamente os signos protectores ou distintivos, emblemas ou sinais establecidos e recoñecidos nos tratados internacionais en que España sexa parte, especialmente os signos distintivos da Cruz Vermella, da Media Lúa Vermella e do Cristal Vermello.

8.º Faga padecer intencionadamente fame á poboación civil como método de guerra, privándoa dos bens indispensables para a súa supervivencia, incluído o feito de obstaculizar arbitrariamente as subministracións de socorro, realizadas de conformidade cos convenios de Xenebra e os seus protocolos adicionais.

9.º Viole a suspensión de armas, armisticio, capitulación ou outro convenio suscrito coa parte adversa.

10.º Dirixa intencionadamente ataques contra calquera membro do persoal das Nacións Unidas, persoal asociado ou participante nunha misión de paz ou de asistencia humanitaria, de conformidade coa Carta das Nacións Unidas, sempre que teñan dereito á protección outorgada a persoas ou bens civís, de acordo co dereito internacional dos conflitos armados, ou os ameace con tal ataque para obrigar unha persoa natural ou xurídica a realizar ou absterse de realizar algún acto.»

Centésimo quincuaxésimo noveno.

Modifícase o artigo 613, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión de catro a seis anos o que, con ocasión dun conflito armado, realice ou ordene realizar algunha das seguintes accións:

a) Ataque ou faga obxecto de represalias ou actos de hostilidade contra bens culturais ou lugares de culto que constitúen o patrimonio cultural ou espiritual dos pobos, sempre que tales bens ou lugares non estean situados na inmediata proximidade dun obxectivo militar ou non sexan utilizados en apoio do esforzo militar do adversario e estean debidamente sinalizados;

b) Use indebidamente os bens culturais ou lugares de culto referidos na alínea a) en apoio dunha acción militar;

c) Se apropie a gran escala, roube, saquee ou realice actos de vandalismo contra os bens culturais ou lugares de culto referidos na alínea a);

d) Ataque ou faga obxecto de represalias ou de actos de hostilidade bens de carácter civil da parte adversa, causando a súa destrución, sempre que isto non ofrezca, nas circunstancias do caso, unha vantaxe militar definida ou que tales bens non contribúan eficazmente á acción militar do adversario;

e) Ataque, destrúa, subtraia ou inutilice os bens indispensables para a supervivencia da poboación civil, salvo que a parte adversa utilice tales bens en apoio directo dunha acción militar ou exclusivamente como medio de subsistencia para os membros das súas forzas armadas;

f) Ataque ou faga obxecto de represalias as obras ou instalacións que conteñan forzas perigosas, cando tales ataques poidan producir a liberación daquelas forzas e causar, en consecuencia, perdas importantes na poboación civil, salvo que tales obras ou instalacións se utilicen en apoio regular, importante e directo de operacións militares e que tales ataques sexan o único medio factible de pór fin a tal apoio;

g) Destrua, dane ou se apodere, sen necesidade militar, de cousas que non lle pertencan, obrigue outro a entregalas ou realice calquera outro acto de pillaxe;

h) Requite, indebida ou innecesariamente, bens mobles ou inmobles en territorio ocupado ou destrúa buque ou aeronave non militares, e a súa carga, dunha parte adversa ou neutral ou os capture, con infracción das normas internacionais aplicables aos conflitos armados no mar;

i) Ataque ou realice actos de hostilidade contra as instalacións, material, unidades, residencia privada ou vehículos de calquera membro do persoal referido no ordinal 10.º do artigo 612 ou ameace con tales ataques ou actos de hostilidade para obrigar unha persoa natural ou xurídica a realizar ou absterse de realizar algún acto.

2. Cando o ataque, a represalia, o acto de hostilidade ou a utilización indebida teñan por obxecto bens culturais ou lugares de culto baixo protección especial ou aos cales se conferise protección en virtude de acordos especiais, ou bens culturais inmobles ou lugares de culto baixo protección reforzada ou os seus arredores inmediatos, poderase impor a pena superior en grao.

Nos demais supostos previstos no número anterior deste artigo, poderase impor a pena superior en grao cando se causen destrucións extensas e importantes nos bens, obras ou instalacións sobre os cales recaian ou nos supostos de extrema gravidade.»

Centésimo sesaxésimo.

Modifícase o artigo 614, que queda redactado como segue:

«O que, con ocasión dun conflito armado, realice ou ordene realizar calquera outra infracción ou actos contrarios ás prescricións dos tratados internacionais en que España sexa parte e relativos á condución das hostilidades, regulación dos medios e métodos de combate, protección dos feridos, enfermos e náufragos, trato debido aos prisioneiros de guerra, protección das persoas civís e protección dos bens culturais en caso de conflito armado, será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos.»

Centésimo sesaxésimo primeiro.

Modifícase o artigo 615, que queda redactado como segue:

«A provocación, a conspiración e a proposición para a execución dos delitos previstos nos capítulos anteriores deste título castigaranse coa pena inferior nun ou dous graos á que correspondería a estes.»

Centésimo sesaxésimo segundo.

Modifícase o artigo 616, que queda redactado como segue:

«No caso de se cometer calquera dos delitos comprendidos nos capítulos anteriores deste título, excepto os previstos no artigo 614 e nos números 2 e 6 do 615 bis, e no título anterior por unha autoridade ou funcionario público, imporáselle, ademais das penas sinaladas neles, a de inhabilitación absoluta por tempo de dez a vinte anos; de ser un particular, os xuíces e tribunais poderanlle impor a de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo dun a dez anos.»

Centésimo sesaxésimo terceiro.

Engádesse un capítulo V ao título XXIV do libro II, que comprenderá os artigos 616 ter e 616 quáter e terá a seguinte rúbrica:

«CAPÍTULO V

Delito de pirataría»

Centésimo sesaxésimo cuarto.

Engádese o artigo 616 ter, que queda redactado como segue:

«O que, con violencia, intimidación ou engano, se apodere, dane ou destrúa unha aeronave, buque ou outro tipo de embarcación ou plataforma no mar, ou ben atente contra as persoas, cargamento ou bens que se achen a bordo delas, será castigado, como reo do delito de pirataría, coa pena de prisión de dez a quince anos.

En todo caso, a pena prevista neste artigo imporase sen prexuízo das que correspondan polos delitos cometidos.»

Centésimo sesaxésimo quinto.

Engádese o artigo 616 quáter, que queda redactado como segue:

«1. O que, con ocasión da prevención ou persecución dos feitos previstos no artigo anterior, se resista ou desobedeza a un buque de guerra ou aeronave militar ou outro buque ou aeronave que leve signos claros e sexa identificable como buque ou aeronave ao servizo do Estado español e estea autorizado para tal fin, será castigado coa pena de prisión dun a tres anos.

2. Se na conduta anterior se emprega forza ou violencia imporase a pena de dez a quince anos de prisión.

3. En todo caso, as penas previstas neste artigo imporanse sen prexuízo das que correspondan polos delitos cometidos.»

Centésimo sesaxésimo sexto.

Modifícase o número 1 e engádese un novo número 5 ao artigo 623, coa seguinte redacción:

«1. Os que cometan furto, se o valor do furtado non excede os 400 euros. Nos casos de perpetración reiterada desta falta, imporase en todo caso a pena de localización permanente. Neste último suposto, o xuíz poderá dispor en sentenza que a localización permanente se cumpra en sábados, domingos e días festivos no centro penitenciario máis próximo ao domicilio do penado, de acordo co disposto no parágrafo segundo do artigo 37.1.

Para apreciar a reiteración, atenderase ao número de infraccións cometidas, fosen ou non axuizadas, e á súa proximidade temporal.

5. Os que realicen os feitos descritos no parágrafo segundo dos artigos 270.1 e 274.2, cando o beneficio non sexa superior a 400 euros, salvo que concorran algunha das circunstancias previstas nos artigos 271 e 276, respectivamente.»

Centésimo sesaxésimo sétimo.

Modifícase o artigo 626, que queda redactado como segue:

«Os que desluzan bens mobles ou inmobles de dominio público ou privado, sen a debida autorización da Administración ou dos seus propietarios, serán castigados coa pena de localización permanente de dous a seis días ou tres a nove días de traballos en beneficio da comunidade.»

Centésimo sesaxésimo oitavo.

Modifícase o artigo 631, que queda redactado como segue:

«1. Os donos ou encargados da custodia de animais ferozes ou danos que os deixen soltos ou en condicións de causar mal serán castigados coa pena de multa dun a dous meses.

2. Os que abandonen un animal doméstico en condicións en que poida perigar a súa vida ou a súa integridade serán castigados coa pena de multa de quince días a dous meses.»

Centésimo sesaxésimo noveno.

Modifícase o parágrafo segundo da disposición adicional segunda do Código penal, que queda redactado como segue:

«Así mesmo, nos supostos en que o xuíz ou tribunal acorde a inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, o acollemento, a garda, tutela ou curatela, ou a privación da patria potestade, comunicarao de inmediato á entidade pública que no respectivo territorio teña encomendada a protección dos menores e ao Ministerio Fiscal para que actúen de conformidade coas súas respectivas competencias.»

Disposición adicional primeira.

As referencias que se fan aos delitos de terrorismo da sección segunda do capítulo V do título XXII do libro II nos artigos 76 e 93 do Código penal, entenderanse feitas a delitos referentes a organizacións e grupos terroristas e delitos de terrorismo do capítulo VII do título XXII do libro II do dito código.

As referencias que se fan aos delitos de terrorismo da sección segunda do capítulo V do título XXII do libro II, ou cometidos no seo de organizacións criminais, nos artigos 78, 90 e 91 do Código penal, entenderanse feitas a delitos referentes a organizacións e grupos terroristas e delitos de terrorismo do capítulo VII do título XXII do libro II do dito código, ou cometidos no seo de organizacións ou grupos criminais.

Suprímese a expresión «bandas armadas» dos artigos 90, 170, 505, 573, 575, 577 e 580 do Código penal.

Disposición adicional segunda. *Sistema electrónico de rexistro de faltas.*

O Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas con competencia na materia, establecerá no prazo dun ano un sistema electrónico de rexistro para as faltas.

Disposición transitoria primeira. *Lexislación aplicable.*

1. Os delitos e faltas cometidos ata o día da entrada en vigor desta lei xulgaranse conforme a lexislación penal vixente no momento da súa comisión. Non obstante o anterior, aplicarase esta lei, unha vez que entre en vigor, se as súas disposicións son máis favorables para o reo, aínda que os feitos fosen cometidos con anterioridade á súa entrada en vigor.

2. Para a determinación de cal sexa a lei máis favorable terase en conta a pena que correspondería ao feito axuizado coa aplicación das normas completas do código actual e da reforma contida nesta lei.

3. En todo caso, será oído o reo.

Disposición transitoria segunda. *Revisión de sentenzas.*

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial, no ámbito das competencias que lle atribúe o artigo 98 da Lei orgánica do poder xudicial, poderá asignar a un ou varios dos xulgados do penal ou seccións das audiencias provinciais dedicados en réxime de exclusividade á execución de sentenzas penais a revisión das sentenzas firmes ditadas antes da vixencia desta lei.

Estes xuíces ou tribunais procederán a revisar as sentenzas firmes e nas que o penado estea cumprindo efectivamente a pena, aplicando a disposición máis favorable considerada taxativamente e non polo exercicio do arbitrio xudicial. Nas penas privativas de liberdade

non se considerará máis favorable esta lei cando a duración da pena anterior imposta ao feito coas súas circunstancias sexa tamén impositiva consonte esta reforma do código. Exceptúase o suposto en que esta lei conteña para o mesmo feito a previsión alternativa dunha pena non privativa de liberdade; en tal caso, deberase revisar a sentenza.

2. Non se revisarán as sentenzas en que o cumprimento da pena estea suspendido, sen prexuízo de facelo en caso de que se revogue a suspensión e antes de proceder ao cumprimento efectivo da pena suspendida.

Igual regra se aplicará se o penado se encontra en período de liberdade condicional.

Tampouco se revisarán as sentenzas en que, consonte a redacción anterior dos artigos do código e esta reforma, corresponda exclusivamente pena de multa.

3. Non serán revisadas as sentenzas en que a pena estea executada ou suspendida, aínda que se encontren pendentes de executar outros pronunciamentos da decisión, así como as xa totalmente executadas, sen prexuízo de que o xuíz ou tribunal que no futuro as poida ter en conta para efectos de reincidencia deba examinar previamente se o feito nelas penado deixou de ser delito ou lle pode corresponder unha pena menor da imposta no seu día, conforme esta lei.

4. Nos supostos de indulto parcial, non se revisarán as sentenzas cando a pena resultante que estea cumprindo o condenado estea comprendida nun marco impositivo inferior respecto a esta lei.

Disposición transitoria terceira. *Reglas de invocación da normativa aplicable en materia de recursos.*

Nas sentenzas ditadas conforme a lexislación que se derroga e que non sexan firmes por estaren pendentes de recurso, observaranse, unha vez transcorrido o período de vacatio, as seguintes regras:

a) Se se trata dun recurso de apelación, as partes poderán invocar e o xuíz ou tribunal aplicará de oficio os preceptos da nova lei, cando resulten máis favorables ao reo.

b) Se se trata dun recurso de casación, aínda non formalizado, o recorrente poderá sinalar as infraccións legais baseándose nos preceptos da nova lei.

c) Se, interposto recurso de casación, se estiver a tramitar, pasarase de novo ao recorrente, de oficio ou por instancia de parte, polo termo de oito días, para que adapte, se o considera procedente, os motivos de casación alegados aos preceptos da nova lei, e do recurso así modificado serán instruídas as partes interesadas, o fiscal e o maxistrado relator, e a tramitación continuará conforme dereito.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei de axuizamento criminal.*

Modifícanse o parágrafo segundo do número 1 do artigo 263 bis, o número 4 do artigo 282 bis e o número 1.7.^a do artigo 796, e engádesse un novo artigo 367 septies á Lei de axuizamento criminal nos termos seguintes:

Un. Modifícase o parágrafo segundo do número 1 do artigo 263 bis, que queda redactado como segue:

«Tamén poderá ser autorizada a circulación ou entrega vixiada dos equipamentos, materiais e substancias a que se refire o artigo 371 do Código penal, dos bens e ganancias a que se fai referencia no artigo 301 do dito código en todos os supostos previstos nel, así como dos bens, materiais, obxectos e especies animais e vexetais a que se refiren os artigos 332, 334, 386, 399 bis, 566, 568 e 569, tamén do Código penal.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 282 bis, que queda redactado como segue:

«4. Para os efectos sinalados no número 1 deste artigo, considerarase como delincuencia organizada a asociación de tres ou máis persoas para realizar, de

forma permanente ou reiterada, condutas que teñan como fin cometer algún ou algúns dos delitos seguintes:

- a) Delitos de obtención, tráfico ilícito de órganos humanos e transplante destes, previstos no artigo 156 bis do Código penal.
- b) Delito de secuestro de persoas previsto nos artigos 164 a 166 do Código penal.
- c) Delito de tráfico de seres humanos previsto no artigo 177 bis do Código penal.
- d) Delitos relativos á prostitución previstos nos artigos 187 a 189 do Código penal.
- e) Delitos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica previstos nos artigos 237, 243, 244, 248 e 301 do Código penal.
- f) Delitos relativos á propiedade intelectual e industrial previstos nos artigos 270 a 277 do Código penal.
- g) Delitos contra os dereitos dos traballadores previstos nos artigos 312 e 313 do Código penal.
- h) Delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros previstos no artigo 318 bis do Código penal.
- i) Delitos de tráfico de especies de flora ou fauna ameazada previstos nos artigos 332 e 334 do Código penal.
- j) Delito de tráfico de material nuclear e radioactivo previsto no artigo 345 do Código penal.
- k) Delitos contra a saúde pública previstos nos artigos 368 a 373 do Código penal.
- l) Delitos de falsificación de moeda, previsto no artigo 386 do Código penal, e de falsificación de tarxetas de crédito ou débito ou cheques de viaxe, previsto no artigo 399 bis do Código penal.
- m) Delito de tráfico e depósito de armas, municións ou explosivos previsto nos artigos 566 a 568 do Código penal.
- n) Delitos de terrorismo previstos nos artigos 572 a 578 do Código penal.
- o) Delitos contra o patrimonio histórico previstos no artigo 2.1.e da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando.»

Tres. Engádese un novo artigo 367 septies coa seguinte redacción:

«O xuíz ou tribunal, por instancia do Ministerio Fiscal, poderá encomendar a localización, conservación, administración e realización dos efectos, bens, instrumentos e ganancias procedentes de actividades delituosas cometidas no marco dunha organización criminal a unha oficina de recuperación de activos.

Esta oficina terá a consideración de policía xudicial, e a súa organización e funcionamento, así como as súas facultades para desempeñar por si ou coa colaboración doutras entidades ou persoas as funcións de conservación, administración e realización mencionadas no parágrafo anterior, regularanse regulamentariamente.

Así mesmo, a autoridade xudicial poderá acordar que, coas debidas garantías para a súa conservación e mentres se substancia o procedemento, o obxecto do comiso, se é de lícito comercio, poida ser utilizado provisoriamente pola oficina de recuperación de activos ou, a través dela, por calquera outra unidade da policía xudicial encargada da represión da criminalidade organizada.

O produto da realización dos efectos, bens, instrumentos e ganancias a que se refire este número poderase asignar total ou parcialmente de maneira definitiva, nos termos e polo procedemento que regulamentariamente se establezan, á oficina de recuperación de activos e aos órganos do Ministerio Fiscal encargados da represión das actividades das organizacións criminais.

O Plan Nacional sobre Drogas actuará como oficina de recuperación de activos no ámbito da súa competencia, de acordo co disposto nesta lei, no Código penal e nas demais disposicións legais e regulamentarias que o regulan.»

Catro. Modifícase o número 1.7.^a do artigo 796, que queda redactado como segue:

«7.^a A práctica das probas de alcoholemia axustarase ao establecido na lexislación de seguridade viaria.

As probas para detectar a presenza de drogas tóxicas, estupefacientes e substancias psicotrópicas nos condutores de vehículos de motor e ciclomotores serán realizadas por axentes da policía xudicial de tráfico con formación específica e suxeición, así mesmo, ao previsto nas normas de seguridade viaria. Cando o test indiciario salival, a que obrigatoriamente se deberá someter o condutor, dea un resultado positivo ou o condutor presente signos de ter consumido as substancias referidas, estará obrigado a facilitar saliva en cantidade suficiente, que será analizada en laboratorios homologados, garantíndose a cadea de custodia.

Todo condutor poderá solicitar proba de contraste consistente en análise de sangue, urina ou outras análogas. Cando se practiquen estas probas, requirirase o persoal sanitario que o realice para que remita o resultado ao xulgado de garda polo medio máis rápido e, en todo caso, antes do día e hora da citación a que se refiren as regras anteriores.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.*

Engádense un novo número catro ao artigo cuarto e un novo número oito ao artigo sétimo, e modifícase o artigo noveno da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, nos termos seguintes:

Un. Engádense un novo número catro ao artigo cuarto, que queda redactado como segue:

«Catro. Nos supostos de intromisión ilexítima nos dereitos das vítimas dun delito a que se refire o número oito do artigo sétimo, estará lexitimado para exercer as accións de protección o ofendido ou prexudicado polo delito cometido, exercese ou non a acción penal ou civil no proceso penal precedente. Tamén estará lexitimado en todo caso o Ministerio Fiscal. Nos supostos de falecemento, aplicarase o disposto nos números anteriores.»

Dous. Engádense un novo número oito ao artigo sétimo, que queda redactado como segue:

«Oito. A utilización do delito polo condenado en sentenza penal firme para conseguir notoriedade pública ou obter proveito económico, ou a divulgación de datos falsos sobre os feitos delituosos, cando isto supoña o menoscabo da dignidade das vítimas.»

Tres. Modifícase o artigo noveno, que terá a redacción seguinte:

«Un. A tutela xudicial fronte ás intromisións ilexítimas nos dereitos a que se refire esta lei poderase solicitar polas vías procesuais ordinarias ou polo procedemento previsto no artigo 53.2 da Constitución. Tamén se poderá acudir, cando proceda, ao recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

Dous. A tutela xudicial comprenderá a adopción de todas as medidas necesarias para pór fin á intromisión ilexítima de que se trate e, en particular, as necesarias para:

a) O restablecemento do prexudicado no pleno gozo dos seus dereitos, coa declaración da intromisión sufrida, o cesamento inmediato desta e a reposición do estado anterior. En caso de intromisión no dereito ao honor, o restablecemento do dereito violado incluírá, sen prexuízo do dereito de réplica polo procedemento legalmente previsto, a publicación total ou parcial da sentenza condenatoria á custa do condenado con, polo menos, a mesma difusión pública que tivo a intromisión sufrida.

b) Previr intromisións inminentes ou posteriores.

c) A indemnización dos danos e perdas causados.

d) A apropiación polo prexudicado do lucro obtido coa intromisión ilexítima nos seus dereitos.

Estas medidas entenderanse sen prexuízo da tutela cautelar necesaria para asegurar a súa efectividade.

Tres. A existencia de prexuízo presumirase sempre que se acredite a intromisión ilexítima. A indemnización estenderase ao dano moral, que se valorará atendendo ás circunstancias do caso e á gravidade da lesión efectivamente producida, para o que se terá en conta, de ser o caso, a difusión ou audiencia do medio a través do cal se producise.

Catro. O importe da indemnización polo dano moral, no caso dos tres primeiros números do artigo cuarto, corresponderá ás persoas a que se refire o seu número dous e, no seu defecto, aos seus habentes causa, na proporción en que a sentenza considere que foron afectados. Nos casos do artigo sexto, a indemnización entenderase comprendida na herdanza do prexudicado.

No caso do número catro do artigo cuarto, a indemnización corresponderá aos ofendidos ou prexudicados polo delito que exercesen a acción. De ter sido exercida polo Ministerio Fiscal, este poderá solicitar a indemnización para todos os prexudicados que resultasen debidamente identificados e non renunciaren expresamente a ela.

Cinco. As accións de protección fronte ás intromisións ilexítimas caducarán transcorridos catro anos desde que o lexitimado as puido exercer.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Modifícase a alínea b) do número 1.º do artigo 65 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que terá a seguinte redacción:

«b) Falsificación de moeda e fabricación de tarxetas de crédito e débito falsas e cheques de viaxeiro falsos, sempre que sexan cometidos por organizacións ou grupos criminais.»

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación competencial.*

Os preceptos desta lei dítanse en virtude do artigo 149.1.6.ª da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Preceptos de carácter ordinario.*

Esta lei ten carácter orgánico, excepto o número tres da disposición derradeira primeira, polo que se engade un artigo 367 septies á Lei de axuízamento criminal, que terá carácter de lei ordinaria.

Disposición derradeira sexta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Nesta lei incorpóranse ao dereito español as seguintes normas da Unión Europea:

Decisión marco 003/568/JAI do Consello, do 22 de xullo de 2003, relativa á loita contra a corrupción no sector privado.

Decisión marco 2004/68/JAI do Consello, do 22 de decembro de 2003, relativa á loita contra a explotación sexual dos nenos e a pornografía infantil.

Decisión marco 2004/757/JAI do Consello, do 25 de outubro de 2004, relativa ao establecemento de disposicións mínimas dos elementos constitutivos de delitos e as penas aplicables no ámbito do tráfico ilícito de drogas.

Decisión marco 2005/212/JAI do Consello, do 24 de febreiro de 2005, relativa ao comiso dos produtos, instrumentos e bens relacionados co delito.

Decisión marco 2005/222/JAI do Consello, do 24 de febreiro de 2005, relativa aos ataques contra os sistemas de información.

Decisión marco 2008/919/JAI do Consello, do 28 de novembro de 2008, pola que se modifica a Decisión marco 2002/475/JAI, sobre a loita contra o terrorismo.

Decisión marco 2002/629/JAI do Consello, do 19 de xullo de 2002, relativa á loita contra o tráfico de seres humanos.

Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de decembro de 2008, relativa á protección do ambiente mediante o dereito penal.

Directiva 2003/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, sobre as operacións con información privilexiada e a manipulación do mercado (abuso do mercado).

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos seis meses da súa completa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de xuño de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO